

## **CONSELLERÍA DE EMPREGO, COMERCIO E EMIGRACIÓN**

**Organismo: Dirección Xeral de Formación e Cualificación para o Emprego**

|                                              |  |
|----------------------------------------------|--|
| Capítulo:                                    |  |
| Epígrafe:                                    |  |
| (Para cubrir no "Diario Oficial de Galicia") |  |

### **SUMARIO:**

Orde do 11 de decembro de 2025 pola que se establecen as bases reguladoras para o período 2026-2029 e se procede á primeira convocatoria de subvencións en réxime de concorrencia non competitiva para o financiamento do programa Galicia Suma Talento: Plan de Formación Empresas para os anos 2026-2027 (código de procedemento TR301P).

### **TEXTO:**

A presente orde, pola que se establecen as bases reguladoras do procedemento TR301P para o período 2026-2029, ten por obxecto concretar os criterios que rexerán a concesión de axudas para impartir accións formativas de formación no traballo que impliquen compromiso de contratación para as empresas e entidades beneficiarias das mesmas.

Ao abeiro das bases reguladoras establecidas na presente Orde aprobaranse, de ser o caso, as sucesivas convocatorias para o período de vixencia das mesmas.

A Lei 30/2015, do 9 de setembro, pola que se regula o Sistema de formación profesional para o emprego no ámbito laboral, regula a planificación e o financiamento do Sistema de formación no traballo, a programación e execución das accións formativas, o

control, o seguimento e o réxime sancionador, así como o sistema de información, a avaliación, a calidade e a gobernanza do sistema.

A Lei 30/2015 estableceu un marco normativo que trata de consolidar no sistema produtivo unha cultura de formación profesional favorecedora da formación no traballo estable e de calidade garantindo o exercicio do dereito á formación das persoas traballadoras.

Entre as iniciativas de formación no traballo que regula a lei 30/2015 considérase, no seu artigo 8.1.c, a oferta formativa das administracións competentes para persoas traballadoras desempregadas, que inclúe, entre outros, os programas formativos con compromiso de contratación. Nesta liña, a lei, no seu artigo 11.2, contempla os programas formativos que inclúan compromiso de contratación como un dos piares da oferta formativa para persoas traballadoras desempregadas.

O Real Decreto 694/2017, de 3 de xullo, polo que se desenvolve a Lei 30/2015, pola que se regula o Sistema de formación no traballo, contempla nos seus artigos 27 e 28 os programas formativos que inclúan compromiso de contratación.

Asi mesmo, a Orde TMS/368/2019, do 28 de marzo, pola que se desenvolve o Real decreto 694/2017, do 3 de xullo, polo que se desenvolve a Lei 30/2015, do 9 de setembro, pola que se regula o Sistema de formación profesional para o emprego no ámbito laboral, en relación coa oferta formativa das administracións competentes e o seu financiamento, e se establecen as bases reguladoras para a concesión de subvencións públicas destinadas ao seu financiamento, contempla, no seu artigo 1.3, os programas formativos con compromiso de contratación.

A finalidade destes programas formativos consiste en financiar ás empresas para a impartición de accións formativas dirixidas a formar persoas traballadoras desempregadas naquelas competencias, habilidades e perfís laborais específicos demandados polo sistema produtivo para a cobertura dun posto de traballo.

A Orde TES/866/2025, do 1 de agosto, pola que se distribúen territorialmente para o exercicio económico de 2025, para a súa xestión polas comunidades autónomas con competencias asumidas, créditos do ámbito laboral financiados con cargo aos

Orzamentos Xerais do Estado establece no artigo 4.11 que *con cargo aos fondos asignados desde as aplicacións 19.101.241-B.452.45 e 19.101.241-B.452.55 só se pode financiar iniciativas de formación no traballo incluídas no Catálogo de Especialidades Formativas cuxa xestión corresponde ao Servizo Público de Emprego Estatal, que non correspondan con certificados profesionais (...). Supoñen excepción os programas formativos con compromiso de contratación, dentro das iniciativas de formación no traballo dirixidas prioritariamente ás persoas traballadoras desempregadas (...) que poderán incluír accións formativas dirixidas á obtención de certificados profesionais.*

A Lei orgánica 3/2022, do 31 de marzo, de ordenación e integración da Formación Profesional, estableceu un novo marco normativo que ten por obxectivo a constitución e ordenación dun sistema único e integrado de formación profesional.

A súa finalidade é regular un réxime de formación e acompañamento que sexa capaz de responder con flexibilidade aos intereses, expectativas e aspiracións de cualificación profesional das persoas ao longo da súa vida e ás competencias demandadas polas novas necesidades produtivas e sectoriais, tanto para o aumento da produtividade como para a xeración de emprego.

Coa publicación do Real Decreto 659/2023, do 18 de xullo, modificado posteriormente coa entrada en vigor do Real Decreto 658/2024, do 9 de xullo, desenvolveuse a ordenación do Sistema de Formación Profesional.

Estas bases reguladoras pretenden facilitar todas as distintas tipoloxías de accións formativas para incrementar a empregabilidade das persoas traballadoras desempregadas e a captación de talento por parte do tecido produtivo de Galicia.

O Estatuto de autonomía de Galicia, aprobado mediante a Lei orgánica 1/1981, do 6 de abril, no seu artigo 29 atribúelle á Comunidade Autónoma galega a execución da lexislación do Estado en materia laboral e de fondos de ámbito nacional e de emprego.

A Comunidade Autónoma de Galicia, en aplicación do Decreto 69/1993, do 10 de marzo, asume as funcións e servizos transferidos pola Administración do Estado en materia de formación profesional ocupacional.

O Decreto 147/2024, do 20 de maio, polo que se establece a estrutura orgánica da Consellería de Emprego, Comercio e Emigración atribúelle á Dirección Xeral de Formación e Cualificación para o Emprego as competencias relativas á formación no traballo.

A Lei 38/2003, do 17 de novembro, xeral de subvencións, regula os requisitos de concesión e xustificación das subvencións concedidas na Administración do Estado, incluíndo aqueles de carácter básico que son de aplicación na normativa desta comunidade autónoma e, en consecuencia, a esta orde, contemplando, no seu artigo 22, 2 formas de procedemento de concesión de subvencións: o procedemento ordinario en réxime de concorrencia competitiva e o procedemento de concesión directa.

O artigo 26 da Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia, regula o procedemento de concesión directa.

A lei 30/2015, de 9 de setembro, reguladora do Sistema de formación profesional para o emprego no ámbito laboral, establece no seu artigo 6.5.d), que a concesión directa de subvencións poderá aplicarse, entre outras, á formación con compromiso de contratación, ao abeiro do disposto no artigo 22.2.c) da Lei 38/2003, de 17 de novembro, xeral de subvencións.

A tal efecto, o artigo 28.2 do Real Decreto 694/2017, dispón que os programas formativos que inclúan compromisos de contratación poderán financiarse de acordo coas formas previstas no artigo 6.5.d) da Lei 30/2015, de 9 de outubro, cando se prevea por real decreto a concesión directa de subvencións ao abeiro do disposto no artigo 22.2.c) da Lei 38/2003, de 17 de novembro, xeral de subvencións, en relación co artigo 28.2 e 3 de dita Lei.

Á súa vez, o Real Decreto 357/2006, do 24 de marzo, polo que se regula a concesión directa de determinadas subvencións nos ámbitos do emprego e da formación profesional ocupacional, en virtude do disposto no artigo 2.1.m) autoriza a concesión directa de subvencións a empresas e entidades para a impartición de accións de formación profesional para o emprego cando ditas empresas ou entidades adquiren

para si mesmas o compromiso expreso de contratar unha porcentaxe do alumnado formado.

A Lei 3/2023, de 28 de febreiro, de Emprego, modificou a redacción do artigo 6 da Lei 30/2015, do 9 de outubro, sen variar, como consecuencia do novo redactado, os criterios xa establecidos no relativo á posibilidade de aplicar a concesión directa á formación con compromiso de contratación.

Vista a viabilidade legal da súa aplicación, a aplicación do procedemento de concorrência non competitiva ten como obxectivo o financiamento de actividades formativas que non requiren dunha valoración comparativa con outras propostas. As resolucións de concesión ditaranse en orde de presentación das solicitudes, unha vez verificado o cumprimento dos requisitos exixidos, e até o esgotamento do orzamento dispoñible en cada convocatoria.

O obxectivo desta orde consiste en axilizar o proceso de concesión de subvencións e axustar ao máximo posible o momento no que xorden as necesidades de contratación ás que vai dirixida a formación, facilitando así a creación de emprego de xeito inmediato mediante a contratación directa dunha porcentaxe das persoas desempregadas formadas e permitindo crear postos de traballo especializados e sustentables.

A presente norma vencella de xeito directo formación e emprego, asociando a necesidade da empresa de contar con persoas traballadoras cualificadas e adaptadas ás súas formas de produción, coa procura activa de emprego por parte das persoas traballadoras desempregadas.

A Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia, dispón no seu artigo 5.2. que a concesión de axudas e subvencións se axustará aos principios de publicidade, transparencia, concorrência, obxectividade, igualdade e non discriminación, aos que se axusta esta disposición. Tamén será de aplicación o Decreto 11/2009, do 8 de xaneiro, polo que se aproba o Regulamento da Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia.

A concesión e xustificación da subvención realizarase a través do réxime de módulos previsto nos artigos 3 e 4 da Orde TMS/368/2019. Para os efectos de aplicar dito réxime, os módulos económicos determinaranse aplicando criterios obxectivos en atención aos valores medios de mercado dos distintos compoñentes dos custos directos e indirectos da actividade formativa e en función da familia ou área profesional, e/ou a especialidade formativa.

A orde concreta os criterios que rexerán a execución da primeira convocatoria de concesión de axudas para impartir accións formativas de formación no traballo que impliquen compromiso de contratación para as empresas e entidades beneficiarias das mesmas.

O orzamento destinado ás distintas convocatorias que poidan publicarse ao abeiro destas bases reguladoras está financiado por fondos finalistas transferidos polo Servizo Público de Emprego Estatal.

A primeira convocatoria tramítase ao abeiro do disposto no artigo 25 do Regulamento da Lei de subvencións de Galicia e no artigo 1.1 da Orde da Consellería de Economía e Facenda, do 11 de febreiro de 1998, pola que se regula a tramitación anticipada de expediente de gasto, na redacción dada pola Orde do 27 de novembro de 2000, modificada pola Orde do 25 de outubro de 2001, polo que a concesión das subvencións queda sometida á condición suspensiva de existencia de crédito adecuado e suficiente no momento da resolución.

Consecuentemente con todo o anterior, logo de consultar ao Consello Galego de Formación Profesional e ao Consello Galego de Relacións Laborais, no exercicio das facultades que me confire o artigo 34 da Lei 1/1983, do 22 de febreiro, de normas reguladoras da Xunta e da súa Presidencia

## **DISPOÑO:**

### **Capítulo I**

#### **Disposicións xerais**

#### **Artigo 1. Obxecto e ámbito de aplicación**

1. Esta orde ten por obxecto establecer as bases reguladoras e as condicións polas que se rexerán, no ámbito da Comunidade Autónoma de Galicia, as convocatorias públicas de subvención das accións formativas para o emprego en unidades formativas nas empresas e con compromiso de contratación (código de procedemento TR301P).

Enténdese por unidade formativa da empresa, a formación con compromiso de contratación impartida con medios propios da beneficiaria, ou a través dunha entidade contratada nos termos desta orde, que teña por obxecto a realización das accións formativas solicitadas e relacionadas coa súa actividade empresarial.

Poderán participar nas referidas accións formativas reguladas por esta orde aqueles colectivos que a tales efectos se determinan no artigo 29.

2. As bases reguladoras terán vixencia temporal para o período 2026-2029.

Asi mesmo, coa publicación desta orde realízase a súa primeira convocatoria para os anos 2026-2027.

## **Artigo 2. Finalidade e principios que rexen a concesión das subvencións**

1. As subvencións que se concedan ao abeiro do disposto nesta orde de bases reguladoras e de primeira convocatoria, terán como finalidade o financiamento de programas de formación con compromiso de contratación destinados á cualificación profesional das persoas traballadoras desempregadas, e estarán dirixidos á adquisición e mellora das competencias profesionais necesarias para o desempeño dos postos de traballo obxecto da contratación.

2. A concesión das subvencións realizarase en réxime de concorrència non competitiva, mediante concesión directa, nos termos establecidos no artigo 26 da Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia, respectando os principios de publicidade, transparencia, concorrència, obxectividade, igualdade e non discriminación, e de acordo co establecido nos artigos 4 e 5 da Orde TMS/368/2019, do 28 de marzo, pola que se desenvolve o Real decreto 694/2017 de 3 de xullo.

## **Artigo 3. Financiamento**

1. Cada convocatoria determinará o importe total do crédito que se destinará á subvención das actividades de formación, con indicación das anualidades en que se distribuirá, as aplicacións orzamentarias ás que se imputará, así como o financiamento e as reservas de crédito que, se for o caso, se establezan para determinadas accións formativas.

2. Así mesmo, cada convocatoria poderá establecer, de ser o caso, reservas de crédito dirixidas a desenvolver aquelas liñas formativas que, en función da caracterización dos contidos da acción formativa ou do perfil do alumnado, requiran de especial apoio.

#### **Artigo 4. Accións formativas subvencionables**

1. Serán subvencionables ao abeiro do disposto nesta orde, e nos termos establecidos no artigo 28 do Real decreto 694/2017, do 3 de xullo, polo que se desenvolve a Lei 30/2015, do 9 de setembro, pola que se regula o Sistema de formación profesional para o emprego no ámbito laboral, as accións formativas para o emprego con compromiso de contratación na Comunidade Autónoma de Galicia, que garden relación coa actividade empresarial das empresas e entidades solicitantes e estean incluídas no Catálogo de Especialidades Formativas do Servizo Público de Emprego Estatal no marco do Sistema de formación para o emprego no ámbito laboral así como as accións formativas do Sistema de Formación Profesional dos graos A, B e C.

2. En aplicación do disposto no apartado 1 deste artigo, poderán solicitarse especialidades formativas incluídas no Catálogo de Especialidades Formativas do Servizo Público de Emprego Estatal así como ofertas formativas do Sistema de Formación Profesional dos graos A, B e C.

No caso de especialidades formativas non conducentes a certificados profesionais, de non existiren, por non estaren dadas de alta no catálogo, especialidades que respondan ás necesidades específicas de formación, as empresas poderán solicitar impartir especialidades que, no momento de presentar a solicitude de subvención, non estean incluídas nel. Neste caso, deberá presentarse xunto coa solicitude de subvención a proposta de alta da nova especialidade formativa achegando, a estes efectos, a documentación que se referencia no artigo 9.1.h) desta orde.

3. Se así se dispón na correspondente convocatoria poderán autorizarse itinerarios formativos nos que unha única acción formativa inclúa máis dunha especialidade formativa.

### **Artigo 5. Compromiso de contratación**

1. Cada acción formativa incluírá o correspondente compromiso de contratación, nun centro de traballo localizado na Comunidade Autónoma de Galicia, dunha porcentaxe do alumnado aprobado e/ou formado, que para cada convocatoria se determine.

O compromiso concreto de contratación por acción formativa ao que estará obrigada a beneficiaria, especificarase en cada convocatoria e deberá estar firmado polas partes intervincentes.

2. O contrato de traballo formalizarase segundo a normativa laboral vixente.

Non se poderán subscribir contratos formativos para a obtención da práctica profesional adecuada ao nivel de estudos.

No suposto de contratos a tempo parcial, o mínimo da xornada será do 50% da correspondente a unha persoa traballadora a tempo completo comparable.

3. A contratación deberá efectuarse no prazo máximo de 2 meses dende o remate da acción formativa e deberá realizarse nunha ocupación e categoría relacionada coa especialidade formativa impartida. Entenderase como colocación relacionada, aquela que teña por obxecto o desempeño de traballos vencellados aos coñecementos teórico-prácticos adquiridos durante a formación previa.

A superación do período de 2 meses para a formalización do contrato dará lugar á minoración recollida no artigo 42 desta orde. En ningún caso se admitirán contratos formalizados con posterioridade ao prazo de 6 meses contados dende a data de remate da acción formativa.

4. Na memoria técnica do compromiso de contratación á que fai referencia o artigo 9.1.e) desta orde, deberá incluírse a seguinte información:

- Exposición de motivos da necesidade de realizar o proxecto formativo e descrición das necesidades laborais e as accións formativas a impartir dirixidas a capacitar ao alumnado para desempeñar os postos de traballo que se pretenden cubrir.
- Descrición dos perfís profesionais das persoas traballadoras que se pretende contratar, así como do proceso de selección do alumnado previo á formación.
- Tipo e número de contratos laborais comprometidos, con indicación da súa duración, das ocupacións e categorías profesionais, así como das localidades, empresas e centros de traballo nos que se localizarán estes.
- Número de persoas empregadas no cadro laboral da empresa ou entidade contratante na data de presentación da solicitude de subvención.

Para estes efectos, no compromiso de contratación deberá priorizarse o alumnado aprobado sobre o alumnado formado, definida cada unha destas categorías de acordo co criterio establecido no artigo 40.4.II desta orde.

5. Os contratos laborais en que se plasme o compromiso de contratación, de conformidade co último parágrafo do número 4 do artigo 28 do Real decreto 694/2017, poderanse beneficiar dos incentivos ou beneficios na cotización á Seguridade Social ou doutro tipo de axudas que puidesen corresponder polo mesmo contrato e de conformidade coa normativa que regule tales incentivos ou beneficios.

A percepción de subvencións previstas será compatible con outros incentivos á contratación sempre que se respecte a normativa comunitaria e estatal sobre acumulación de axudas (axudas mínimas ou outros réximes), debendo a beneficiaria declarar as axudas acumuladas e xustificar a ausencia de duplicidade de financiamento para os mesmos custos.

6. Para os efectos do cumprimento do compromiso de contratación será considerada como contratación a incorporación do alumnado como socia ou socio traballador, ou de traballo, dunha sociedade cooperativa ou dunha sociedade laboral, debendo achegarse a documentación que acredite dita incorporación.

7. As empresas beneficiarias están obrigadas, ao comezo da acción formativa, a informar ao alumnado das condicións básicas da contratación proposta e, con carácter previo ao seu inicio, pór en coñecemento das persoas representantes legais das persoas traballadoras na empresa a aprobación do programa con compromiso de contratación que se vai executar, así como as condicións básicas da contratación proposta e unha relación do alumnado participante na acción formativa.

### **Artigo 6. Entidades beneficiarias**

1. Poderán ser entidades beneficiarias as empresas, calquera que sexa a forma xurídica que adopten e as agrupacións temporais de empresas.

2. Entenderase por agrupación temporal de empresas aos efectos desta orde, cando distintas empresas pertencentes a un sector ou actividade acrediten a correspondente agrupación mediante un acordo ou convenio entre elas.

A presentación da solicitude deberá ser conxunta e deberá facerse constar expresamente, tanto na solicitude de subvención coma na resolución de concesión, os compromisos de contratación e execución asumidos por cada membro da agrupación, o período de vixencia da agrupación que como mínimo deberá ser o do tempo de duración da acción ou accións formativas, así como o importe de subvención que se vai aplicar para cada un deles, que terán igualmente a consideración de persoas beneficiarias.

Todas as empresas agrupadas deberán cumprir todos os requisitos da convocatoria para seren beneficiarias.

Deberase nomear unha persoa representante ou apoderada única da agrupación, con poderes bastantes para cumprir as obrigas que, como beneficiaria, lle correspondan á agrupación.

Calquera modificación dos compromisos de execución asumidos por cada membro da agrupación deberá ser previamente solicitada, mediante documento asinado por todos os seus membros, á Dirección Xeral de Formación e Cualificación para o Emprego para a súa autorización, e estará suxeita ao disposto neste artigo e no apartado 7 do artigo

18 desta orde. Os ditos cambios non poderán en ningún caso minorar o compromiso de contratación adquirido pola agrupación.

3. Sen prexuízo do disposto no apartado 1 deste artigo, poderán obter a condición de beneficiarias das subvencións ás que se refiren estas bases, as empresas que sexan entidades de formación e que sexan titulares de centros ou entidades de formación acreditados ou inscritos para impartir formación profesional para o emprego no ámbito laboral da Comunidade Autónoma de Galicia naquelas especialidades formativas para as cales soliciten subvención. Neste caso será a entidade de formación beneficiaria a que se faga cargo da responsabilidade da execución da actividade formativa subvencionada e do cumprimento do compromiso de contratación, podendo asumir dito compromiso mediante acordos ou convenios con outras empresas que efectuarán a contratación laboral.

Os clústers e as asociacións empresariais que resulten beneficiarios actuando como entidades de formación, poderán realizar a contratación das persoas traballadoras nas empresas pertencentes ao clúster ou a asociación empresarial. Para o caso concreto dun grupo empresarial, entendido este como unha agrupación de empresas con personalidade xurídica propia que operan de maneira independente pero que están vencelladas entre si por unha estrutura de control común, a contratación poderá realizarse entre as empresas do grupo ao que pertence a beneficiaria inscrita ou acreditada como entidade de formación.

As entidades de formación, coa excepción establecida no apartado 4 deste artigo, deberán estar acreditadas ou inscritas con carácter previo á presentación da solicitude de subvención.

4. As beneficiarias deberán dispor, ben por si mesmas ou mediante acordo cunha entidade de formación, do equipamento e instalacións no ámbito da Comunidade Autónoma de Galicia, para a impartición das especialidades formativas solicitadas no seu programa formativo ou real decreto que corresponda, así como dos recursos humanos requiridos de acordo coa normativa reguladora.

As empresas beneficiarias desenvolverán as accións formativas utilizando os medios de execución propios ou contratados establecidos no artigo 21.

Cando, atendendo ao disposto no artigo 9.1.i) desta orde, se soliciten especialidades formativas ou itinerarios formativos non incluídos no Catálogo de Especialidades Formativas, a inscrición deberá formalizarse, caso de que se autorice a solicitude, con anterioridade ao comezo da acción formativa.

En calquera caso, a impartición de accións formativas conducentes a certificados profesionais deberá ter lugar nun centro acreditado no Rexistro de entidades e centros de formación para o emprego de Galicia.

5. Non poderán ser entidades beneficiarias destas axudas as administracións públicas, as sociedades públicas, as empresas públicas nin as entidades vinculadas ou dependentes de calquera delas.

Tampouco poderán ser beneficiarias das subvencións reguladas nesta orde de bases, as empresas e entidades que, nos 6 meses anteriores á solicitude, reduciran o seu cadro de persoal nunha porcentaxe igual ou superior ao 15%. Para estes efectos só se terán en conta as persoas con contrato indefinido, non sendo computables as extincións de contrato por causas obxectivas ou despidos disciplinarios declarados ou recoñecidos como procedentes, nin as baixas producidas por vontade propia da persoa traballadora, dimisión, morte, xubilación anticipada, incapacidade permanente total, absoluta ou gran invalidez.

6. Non poderán obter a condición de entidades beneficiarias das subvencións previstas nesta orde, aquelas nas cales concorran algunhas das circunstancias establecidas no artigo 10 da Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia e no artigo 6.7 da Orde TMS/368/2019, do 28 de marzo e, así mesmo, as incluídas no artigo 10 da Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia, e no artigo 7.6 da Orde EFP/942/2022, do 23 de setembro.

A xustificación polas entidades solicitantes de non estar incursas en ningunha das anteditas circunstancias, realizarase mediante unha declaración responsable incluída no modelo de solicitude definido no anexo I de cada convocatoria, cuxo contido deberá

respectar o que establece o artigo 69 da Lei 39/2015, do 1 de outubro, do procedemento administrativo común das administracións públicas.

Coa finalidade de garantir o cumprimento das exixencias deste apartado poderán realizarse comprobacións por mostra estatística durante calquera das fases do procedemento por parte do persoal técnico da Consellería de Emprego, Comercio e Emigración, das cales poderán derivar, de ser o caso, as consecuencias sinaladas no artigo 8.2 desta orde para os supostos de falseamento do contido das declaracións responsables.

De ser o caso, estas actuacións de comprobación poderán efectuarse por outra entidade, pública ou privada, se así se lle encomenda a través do instrumento xurídico correspondente.

7. De acordo co disposto no artigo 210 do Real Decreto 659/2023, do 18 de xullo, non será compatible a condición de centro asociado beneficiario, coa participación en convocatorias de outorgamento de subvencións destinadas ao desenvolvemento de accións formativas, destinadas a centros e entidades autorizados e non catalogados como centros asociados, naquelas especialidades ou familias profesionais comprendidas na súa condición de centro asociado.

A condición de centro asociado beneficiario requirirá da existencia dunha relación contractual ou convenio formalizado e da asignación dunha consignación orzamentaria para impartir accións formativas do Sistema de Formación Profesional.

Caso de que o centro asociado xa sexa, no momento de adquirir esta condición, beneficiario dunha subvención ou adxudicatario dunha licitación para impartir accións formativas do Sistema de Formación Profesional, deberá renunciar a impartir aquelas especialidades incluídas na súa condición de centro asociado cuxa realización aínda non comezara. Dita renuncia terá a consideración de xustificada.

## **Capítulo II**

### **Inicio do procedemento. Presentación e tramitación das solicitudes de subvención**

#### **Artigo 7. Forma e lugar de presentación das solicitudes**

1. As solicitudes presentaranse obrigatoriamente por medios electrónicos a través do formulario electrónico normalizado dispoñible na aplicación SIFO, anexo I, accesible a través da sede electrónica da Xunta de Galicia no enderezo <https://sede.xunta.gal> ou no enderezo directo <https://emprego.xunta.es/sifo-solicitudes>.

De conformidade co artigo 68.4 da Lei 39/2015, do 1 de outubro, do procedemento administrativo común das administracións públicas, se algunha das persoas interesadas presenta a súa solicitude ou a documentación presencialmente, requiriráselle para que a emende mediante a súa presentación electrónica. Para estes efectos, considerarase como data de presentación da solicitude aquela na que fose realizada a emenda.

2. No suposto de que a solicitude non cumpra os requisitos sinalados nas bases reguladoras e/ou a correspondente convocatoria, ou a documentación presentada conteña erros ou sexa insuficiente, requirirase á persoa solicitante para que, nun prazo de 10 días hábiles, emende a falta ou achegue os documentos preceptivos, con indicación de que, se así non o fixer, considerarase desistida da súa solicitude, logo de resolución que así o declare.

Caso de que o requirimento afecte só a algunha das accións formativas da solicitude, entenderanse como desistidas unicamente estas, continuándose coa tramitación do resto do expediente.

Non se admitirán a trámite, e por conseguinte non existirá a posibilidade de emenda, as solicitudes presentadas fora de prazo.

3. As solicitudes dirixiranse á Dirección Xeral de Formación e Cualificación para o Emprego da Consellería de Emprego, Comercio e Emigración.

As empresas ou entidades de formación poderán formular unha solicitude de subvención para cada unha das liñas formativas que, de ser o caso, se establezan en cada convocatoria, e incluírán nela, dentro da súa capacidade real de execución respecto aos límites e requisitos que se determinan nas bases reguladoras e na correspondente convocatoria, e de acordo co compromiso de contratación ao que se

obriga, todas e cada unha das accións formativas incluídas nesa liña para as que solicita subvención.

Para os posibles efectos de superación, de ser o caso, do límite máximo do importe de subvención a conceder que se estableza en cada convocatoria, ou de esgotamento do orzamento dispoñible, as accións formativas para as que se solicita subvención deberán ir ordenadas en función da prioridade de impartición que lles outorgue a entidade solicitante, de xeito que estas figuren ordenadas segundo criterio de maior a menor preferencia.

Non poderán formularse solicitudes de subvencións para impartir accións formativas que teñan previsto comezar nunha data anterior ao prazo ou data que para cada convocatoria se estableza.

3. A solicitude, que incluírá a ficha das accións formativas que se pretende impartir (anexo II), deberá presentarse acompañada da documentación complementaria relacionada no artigo 9 desta orde.

### **Artigo 8. Declaración responsable que forma parte da solicitude**

1. Forma parte da solicitude a declaración responsable que se contén nela e na cal se farán constar os aspectos seguintes:

a) Que, en relación con outras axudas concedidas ou solicitadas:

- Non se solicitou nin se concedeu ningunha outra axuda para este mesmo proxecto e conceptos para os que se solicita esta subvención.
- De se solicitar e/ou conceder outras axudas para este mesmo proxecto e conceptos para os que se solicita esta subvención, deberán relacionarse estas.

b) Que todos os datos contidos na solicitude e nos documentos que se xuntan son certos.

c) Que coñece as estipulacións da orde de bases e primeira convocatoria, que cumpre cos requisitos sinalados nela e que se compromete a destinar o importe da axuda ao obxecto da subvención indicada.

d) Que non está incurso en ningunha das circunstancias previstas no artigo 13 da Lei 38/2003, do 17 de novembro, xeral de subvencións.

e) Que non está incurso en ningunha clase de inhabilitación para a obtención de axudas previstas nos números 2 e 3 do artigo 10 da Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia, e no artigo 6.7 da orde TMS/368/2019, de 28 de marzo e no artigo 7 da Orde EFP/942/2022, do 23 de setembro.

f) Que está ao día no pagamento de obrigas por reintegro de subvencións, conforme ao artigo 10.2º.g) da Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia, e o artigo 9 do Regulamento de subvencións de Galicia, aprobado por Decreto 11/2009, do 8 de xaneiro.

g) Que as dotacións, equipamentos, medios materiais e instalacións nas que se desenvolverán as accións formativas serán as adecuadas para tal fin, e, no caso das entidades de formación, aquelas para as que están acreditadas ou inscritas, nos termos do artigo 15 da Lei 30/2015, do 9 de setembro, e do artigo 6 da orde TMS/368/2019, de 28 de marzo, e que son aptos para impartir a formación e cumpren e manterán durante todo o período de impartición das accións formativas, as condicións e requisitos que esixe a normativa aplicable á correspondente especialidade formativa e, no caso de impartición de cursos conducentes a certificados profesionais, os requisitos recollidos nos reais decretos de creación así como na restante normativa de aplicación.

h) Que conta con capacidade suficiente, en termos económicos, técnicos, de recursos humanos, materiais e organizativos, así como, de ser o caso, de aulas, talleres e instalacións en xeral, para asumir na súa totalidade a execución completa das accións formativas que solicita.

i) Que dispón da documentación que acredita o cumprimento dos anteriores aspectos e que a porá á disposición da Administración cando lle sexa requirida, ademais de que se compromete a manter os ditos requisitos durante todo o período de tempo inherente ao recoñecemento de tal dereito.

2. A presentación dunha declaración responsable que falsee ou oculte circunstancias que impidan ou limiten a concesión da subvención ou o seu pagamento, terá a

consideración dunha infracción moi grave nos termos do artigo 56 da Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia, coas posibles consecuencias sancionadoras que se recollen na dita norma e no texto refundido da Lei sobre infraccións e sancións na orde social, aprobado polo Real decreto lexislativo 5/2000, do 4 de agosto.

### **Artigo 9. Documentación complementaria**

1. As persoas interesadas deberán achegar coa solicitude a seguinte documentación:

- a) Ficha da acción formativa (anexo II).
- b) Acreditación da capacidade legal suficiente para asinar a solicitude (escritura notarial de poderes ou calquera outro medio válido en dereito).
- c) Acreditación da capacidade legal suficiente para asinar a solicitude no nome e representación da agrupación, no caso de agrupacións temporais de empresas.
- d) Copia da documentación de constitución da entidade solicitante ou dos estatutos sociais debidamente legalizados.
- e) Memoria técnica explicativa do compromiso de contratación do alumnado, asinado pola persoa ou persoas representantes da empresa ou empresas vencelladas ao proxecto presentado, que deberá incluír a información detallada no artigo 5.4 desta orde.

Este compromiso, de conformidade co artigo 28.1 do Real decreto 694/2017, do 3 de xullo, deberano adquirir a/s empresa/s beneficiaria/s con respecto a si mesmas, salvo que se trate de entidades de formación, suposto en que serán estas as que asumirán a responsabilidade do cumprimento do compromiso da contratación, así como da execución da actividade formativa subvencionada.

f) Compromiso de subscripción dun convenio ou acordo coa empresa ou empresas onde terá lugar a estancia en empresa incluída dentro do certificado profesional, de ser o caso, cando as accións formativas que se solicitan se correspondan con ofertas formativas do Grao C do Sistema de Formación Profesional.

g) Para todas as especialidades, agás no caso de que a formación se desenvolva en centros xa acreditados ou inscritos para impartir a especialidade formativa, relación detallada de dotacións, equipamentos e medios materiais que se van utilizar no seu desenvolvemento, así como unha descrición das aulas e talleres, indicando os seus metros cadrados e xuntando planos oficiais das instalacións onde estea previsto impartir a formación, tendo en conta a aplicación do principio de transversalidade de xénero.

h) No caso de solicitudes conxuntas de agrupacións temporais de empresas deberá achegarse:

- Documento de constitución da agrupación, no que deberá constar a persoa designada como representante da mesma.
- Convenio entre as partes que fan a solicitude conxunta que incluíra os compromisos de execución asumidos por cada membro da agrupación, o período de vixencia da agrupación que, como mínimo, deberá ser o do tempo de duración da acción ou accións formativas, así como o importe de subvención que se vai aplicar para cada un deles, que terán igualmente a consideración de persoas beneficiarias.
- Documentación acreditativa da capacidade legal suficiente para asinar o convenio, en nome e representación da entidade, para cada unha das entidades que formen parte da agrupación.
- Comprobación de datos para pluralidade de solicitantes (anexo IV).

i) Cando se soliciten especialidades formativas non incluídas no Catálogo de Especialidades Formativas a que se refire o artigo 20.3 da Lei 30/2015, do 9 de setembro, as entidades solicitantes deberán achegar a documentación que a continuación se referencia, nos termos recollidos na Orde TMS/283/2019, do 12 de marzo, pola que se regula o Catálogo de Especialidades Formativas no marco do Sistema de formación profesional para o emprego no ámbito laboral.

- Solicitude de alta da nova especialidade formativa.

- Proposta de programa formativo.
- Ficha coa proposta da nova especialidade formativa.
- Informe motivado da necesidade de dar de alta a nova especialidade formativa no Catálogo de Especialidades Formativas.

Para estes efectos a actualización do citado catálogo e as correspondentes altas e baixas de especialidades, serán realizadas polo Servizo Público de Emprego Estatal.

Na páxina web <https://conselleriaemprego.xunta.gal/es/formacion/especialidades-formativas>, está dispoñible para a súa consulta unha guía informativa coas actuacións a realizar para dar de alta novas especialidades formativas no Catálogo de Especialidades Formativas.

O informe motivado e os programas que se citan na guía deberán ser remitidos en soporte informático editable para os efectos, nos termos do artigo 6 da Orde TMS/283/2019, da correspondente xestión e tramitación dos procesos de alta, modificación e reactivación, segundo proceda, da especialidade ou itinerario formativo.

As accións formativas obxecto de financiamento non poderán en ningún caso iniciarse con carácter previo á finalización favorable do proceso de alta, modificación ou reactivación que corresponda.

j) Solicitud debidamente xustificada de autorización para impartir accións formativas non conducentes á obtención dun certificado profesional de duración superior ás 300 horas, de ser o caso.

2. De conformidade co artigo 28.3 da Lei 39/2015, do 1 de outubro, do procedemento administrativo común, non será necesario achegar os documentos que xa foran presentados anteriormente pola persoa interesada ante calquera Administración. Neste caso, a persoa interesada deberá indicar en que momento e ante que órgano administrativo presentou os ditos documentos, que serán solicitados electronicamente a través das redes corporativas ou mediante consulta ás plataformas de intermediación de datos ou outros sistemas electrónicos habilitados ao efecto, agás que conste no procedemento a oposición expresa da persoa interesada.

De forma excepcional, se non se puideran obter os citados documentos, poderá solicitarse novamente á persoa interesada a súa achega.

3. A documentación complementaria deberá presentarse electronicamente.

Se algunha das persoas interesadas presenta a documentación complementaria presencialmente, requiriráselle para que a emende a través da súa presentación electrónica. Para estes efectos, considerarase como data de presentación aquela na que fose realizada a emenda.

As persoas interesadas responsabilizaranse da veracidade dos documentos que presenten. Excepcionalmente, cando a relevancia do documento no procedemento o exixa ou existan dúbidas derivadas da calidade da copia, a Administración poderá solicitar de maneira motivada o cotexo das copias achegadas pola persoa interesada, para o que poderá requirir a exhibición do documento ou da información orixinal.

4. Sempre que se realice a presentación de documentos separadamente da solicitude deberase indicar o código e o órgano responsable do procedemento, o número de rexistro de entrada da solicitude e o número de expediente se se dispón del.

5. No caso de que algún dos documentos a presentar de forma electrónica superase os tamaños máximos establecidos ou tivera un formato non admitido pola sede electrónica da Xunta de Galicia, permitirase a presentación deste de forma presencial dentro dos prazos previstos e na forma indicada no número anterior.

A información actualizada sobre o tamaño máximo e os formatos admitidos pode consultarse na sede electrónica da Xunta de Galicia.

5. De existir discrepancia entre a información contida na solicitude (anexo I) e/ou na ficha da acción formativa (anexo II), en relación coa información achegada no resto de documentación a presentar, será considerada como correcta, para os efectos de tramitar e revisar a solicitude, a alegada nos citados anexos I e II, con independencia, de ser o caso, de que para ter validez esta deba acreditarse documentalmente.

## **Artigo 10. Comprobación de datos**

1. Para a tramitación deste procedemento consultarase automaticamente os datos incluídos nos seguintes documentos en poder da Administración actuante ou elaborados polas Administracións públicas agás que a persoa interesada se opoña á súa consulta:

- a) DNI/NIE da persoa solicitante.
- b) DNI/NIE da persoa representante.
- c) NIF da entidade solicitante.
- d) Certificado de estar ao día no pagamento de obrigas tributarias coa AEAT.
- e) Certificado de estar ao día no pagamento coa Seguridade Social.
- f) Certificado de estar ao día no pagamento de obrigas tributarias coa Atriga.
- g) Concesión de subvencións e axudas.
- h) Inhabilitación para obter subvencións e axudas.

2. No caso de que as persoas interesadas se opoñan a esta consulta, deberán indicalo no recadro correspondente habilitado no formulario correspondente e achegar os correspondentes documentos.

Cando así o exixa a normativa aplicable solicitarase o consentimento expreso da persoa interesada para realizar a consulta.

3. Excepcionalmente, no caso de que algunha circunstancia imposibilitase a obtención dos citados datos poderase solicitar ás persoas interesadas a presentación dos documentos correspondentes.

#### **Artigo 11. Trámites posteriores á presentación da solicitude**

Todos os trámites administrativos que as persoas interesadas deban efectuar trala presentación da solicitude deste procedemento deberán ser realizados electronicamente a través da aplicación informática SIFO, debendo adecuarse a presentación de documentación derivada das notificacións practicadas pola Administración ao disposto no artigo 13.6 desta orde.

## **Artigo 12. Prazo de presentación de solicitudes**

O prazo de presentación de solicitudes estará aberto para o período que se determine na correspondente convocatoria ou, de ser o caso, ata que se esgote o crédito orzamentario dispoñible.

## **Artigo 13. Réxime das notificacións**

1. As notificacións de resolucións e actos administrativos practicaranse só por medios electrónicos, nos termos previstos na normativa reguladora do procedemento administrativo común.

2. De conformidade co artigo 45.2 da Lei 4/2019, do 17 de xullo, de administración dixital de Galicia, as notificacións electrónicas practicaranse mediante a comparecencia na sede electrónica da Xunta de Galicia e a través do sistema de notificacións electrónicas de Galicia, Notifica.gal.

Este sistema remitirá ás persoas interesadas avisos da posta a disposición das notificacións á conta de correo e/ou teléfono móbil que consten na solicitude.

Estes avisos non terán, en ningún caso, efectos de notificación practicada e a súa falta non impedirá que a notificación sexa considerada plenamente válida.

3. De conformidade co artigo 47 da Lei 4/2019, do 17 de xullo, de administración dixital de Galicia, as persoas interesadas deberán crear e manter o seu enderezo electrónico habilitado único a través do Sistema de Notificación Electrónica de Galicia - Notifica.gal, para todos os procedementos administrativos tramitados pola Administración xeral e as entidades instrumentais do sector público autonómico.

En todo caso, a Administración xeral e as entidades do sector público autonómico de Galicia poderá de oficio crear o indicado enderezo, aos efectos de asegurar o cumprimento polas persoas interesadas da súa obriga de relacionarse por medios electrónicos.

4. As notificacións entenderanse practicadas no momento en que se produza o acceso ao seu contido, e rexeitadas cando transcorresen 10 días naturais desde a posta a disposición da notificación sen que se acceda ao seu contido.

5. Se o envío da notificación electrónica non for posible por problemas técnicos, a Administración xeral e do sector público autonómico practicará a notificación polos medios previstos na normativa reguladora do procedemento administrativo común.

6. A presentación de documentación derivada das notificacións practicadas será realizada exclusivamente mediante o programa informático SIFO ou, de ser o caso, a través do programa de notificación xenérico do aplicativo FORMAN, <https://emprego.xunta.es/forman>, que disporá dun punto único para efectuar todos os envíos de documentación á Administración.

Unicamente no caso de que non fose posible, por problemas técnicos acreditados que imposibilitasen a presentación de documentación polos medios establecidos no parágrafo anterior, o interesado podería realizar a súa presentación por medio dos trámites comúns da sede electrónica da Xunta de Galicia (<https://sede.xunta.gal>), a través do procedemento PR004A.

#### **Artigo 14. Transparencia e bo goberno**

1. Deberá darse cumprimento ás obrigas de transparencia contidas no artigo 17 da Lei 1/2016, do 18 de xaneiro, de transparencia e bo goberno, e no artigo 15 da Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia.

2. En virtude do disposto no artigo 4 da Lei 1/2016, do 18 de xaneiro, de transparencia e bo goberno, as persoas físicas e xurídicas beneficiarias de subvencións están obrigadas a subministrar á Administración, ao organismo ou á entidade das previstas no artigo 3.1 da Lei 1/2016, do 18 de xaneiro, á que se atopen vinculadas, previo requirimento, toda a información necesaria para o cumprimento por aquela das obrigas previstas no título I da citada lei.

3. Calquera persoa que teña coñecemento de feitos que poidan ser constitutivos de fraude ou irregularidade en relación coas accións formativas financiadas no marco da

Orde de bases reguladoras e primeira convocatoria de Unidades Formativas en Empresas (Código de procedemento TR301P) poderá, a través da canle de denuncias da Xunta de Galicia, de comunicación de información en materia de integridade institucional, dispoñible na ligazón <https://transparencia.xunta.gal/canle-de-denuncias>, pór os ditos feitos en coñecemento desta Administración.

### **Artigo 15. Protección de datos persoais**

A Secretaría Xeral Técnica da Consellería de Emprego, Comercio e Emigración ostentará a condición de responsable do tratamento dos datos persoais recadados para a xestión e tramitación da subvención obxecto da presente convocatoria, así como daqueles datos persoais aportados pola entidade beneficiaria para a xustificación da devandita subvención. A base lexitimadora para o tratamento destes datos será o cumprimento dunha misión realizada en interese público e o cumprimento dunha obrigaón legal (Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia). Os datos poderán ser comunicados a outras Administracións públicas cando sexa estritamente necesario para o exercicio das súas competencias. As persoas interesadas poderán solicitar, ante o responsable do tratamento o acceso, rectificación, limitación e supresión dos seus datos, así como opoñerse ao seu tratamento, a través da sede electrónica da Xunta de Galicia ou nos lugares e rexistros establecidos na normativa reguladora do procedemento administrativo común segundo se recolle en <https://www.xunta.gal/es/exercicio-de-dereitos>. No caso de precisar poñerse en contacto coa persoa delegada de protección de datos e demais información adicional poderá consultarse en <https://www.xunta.gal/es/informacion-xeral-proteccion-datos>.

As entidades que resulten beneficiarias da subvención deberán informar ás persoas afectadas conforme ao esixido no artigo 13 do Regulamento (UE) 2016/679 do Parlamento Europeo e do Consello, do 27 de abril de 2016, relativo á protección das persoas físicas no que respecta ao tratamento de datos persoais e á libre circulación destes datos e polo que se deroga a Directiva 95/46/CE - Regulamento xeral de protección de datos (en diante, RXPD) dos extremos establecidos nos parágrafos anteriores.

Así mesmo, a Secretaría Xeral Técnica da Consellería de Emprego, Comercio e Emigración considerarase responsable do tratamento dos datos persoais que se poida derivar das accións formativas realizadas ao abeiro da presente convocatoria.

Pola súa banda, as entidades beneficiarias ostentarán a condición de encargado do tratamento dos datos persoais aos que teñan acceso, ou directamente recaden, para a xestión e execución das devanditas accións formativas, polo que, aos efectos do disposto nos artigos 28 e 29 do RXPd e no artigo 33 da Lei orgánica 3/2018, do 5 de decembro, de protección de datos persoais e garantía dos dereitos dixitais (en diante, LOPDGDD) deberán dar cumprimento ás obrigas que se inclúen a continuación, e esixindo idéntico compromiso do persoal, propio ou externo, ao seu servizo:

a) Dar cumprimento ás obrigas establecidas polo RXPd, LOPDGDD e demais disposicións vixentes en materia de protección de datos, en cada momento, adoptando as medidas que resulten necesarias para cumprir as súas previsións e, en particular, para garantir a seguridade e integridade dos datos e a súa protección fronte a alteracións, perdas, tratamentos ou accesos non autorizados, así como a tratar os datos persoais de acordo coas instrucións do responsable do tratamento e só para os fins deste encargo.

b) Non comunicar os datos a terceiros, salvo que se conte coa autorización expresa do Responsable do tratamento, ou nos supostos legalmente admisibles. O encargado poderá comunicar os datos a outros encargados do tratamento do mesmo responsable, de acordo coas instrucións deste.

O encargado do tratamento non poderá subcontratar ningún dos servizos que formen parte do obxecto da subvención e que impliquen o tratamento de datos persoais, salvo os traballos auxiliares necesarios para o normal funcionamento dos seus servizos e o persoal docente.

Nestes supostos, o encargado do tratamento deberá respectar as condicións indicadas nos apartados 2 e 4 do artigo 28 do RXPd para recorrer a outro encargado do tratamento.

c) Manter o deber de segredo sobre os datos persoais aos que teña acceso en virtude

da presente convocatoria, aínda despois de concluída a execución das actividades subvencionables.

d) Garantir que as persoas autorizadas para o tratamento dos datos persoais se comprometan, de forma expresa e por escrito, a respectar a confidencialidade e a cumprir as medidas de seguridade correspondentes, das que o encargado lles informará oportunamente.

e) Asistir ao responsable do tratamento na resposta ao exercicio dos dereitos recoñecidos pola lexislación vixente en materia de protección de datos persoais, mediante as medidas técnicas e organizativas apropiadas, para que poida cumprir coa súa obrigaón de responder ás referidas solicitudes das persoas interesadas no prazo previsto pola lexislación vixente. Para iso, o encargado facilitaralle ao responsable, ao primeiro requirimento deste, e coa maior brevidade posible, canta información sexa necesaria ou relevante para estes efectos. No caso de que as persoas afectadas solicitasen o exercicio dos seus dereitos ante o encargado do tratamento, este informaraos, a través de calquera medio fidedigno, do procedemento previsto para iso en <https://www.xunta.gal/es/exercicio-de-dereitos>, e dará traslado, asemade, ao responsable, do contido das devanditas solicitudes.

f) Axudar ao responsable do tratamento a garantir o cumprimento das obrigas establecidas nos artigos 32 a 36 do RXPDP, tendo en conta a natureza do tratamento e a información a disposición do encargado. En particular, o encargado do tratamento notificará ao responsable de forma inmediata e implementando as medidas de seguridade necesarias, as violacións da seguridade dos datos persoais ao seu cargo das que teña coñecemento, xunto con toda a información relevante para a documentación, e comunicación da incidencia, no seu caso, á Axencia Española de Protección de Datos, conforme o previsto no artigo 33 do RXPDP.

g) Implantar, nos casos que sexa de aplicación, as disposicións contidas no RD 311/2022, do 3 de maio, polo que se regula o Esquema Nacional de Seguridade (ENS). En todo caso, implantará as medidas de seguridade necesarias para:

- Garantir a confidencialidade, integridade, dispoñibilidade e resiliencia permanente dos sistemas e servizos de tratamento.
- Restaurar a dispoñibilidade e o acceso aos datos persoais rapidamente, en caso de incidencia física ou técnica.
- Verificar, avaliar e valorar, de forma periódica, a eficacia das medidas técnicas e organizativas postas en marcha para garantir a seguridade do tratamento.
- Pseudonimizar e cifrar os datos persoais, se é necesario.

h) Designar, segundo o establecido no artigo 13.5 do devandito RD 311/2022, un Punto ou Persoa de Contacto (POC). O POC de seguridade será o propio Responsable de Seguridade da organización, unha persoa que forme parte da área de Seguridade ou unha persoa que teña comunicación directa con esta ou un departamento ou unidade da organización. O POC contará co apoio dos órganos de dirección, e será quen canalice e supervise, tanto o cumprimento dos requisitos de seguridade do servizo que presta ou solución que provea, como as comunicacións relativas á seguridade da información e a xestión dos incidentes para o ámbito do dito servizo. Indicarase, en todo caso, o nome e apelidos ou denominación do POC, o posto ou cargo en caso que sexa unha persoa física, así como o correo electrónico e teléfono de contacto.

i) Poñer á disposición do responsable toda a información necesaria para acreditar o cumprimento das súas obrigas, en particular, certificados de cumprimento da normativa expedidos polas entidades acreditadas ou, de non existir, facilitando a realización das auditorías ou inspeccións que faga o responsable ou outro auditor autorizado.

j) Designar un delegado de protección de datos, se correspondese segundo o previsto no artigo 37 do RXPd e no artigo 34 da LOPDGDD, e comunicarlle a súa identidade e datos de contacto ao responsable, sen prexuízo da preceptiva inscrición na AEPD.

k) Devolver ao responsable do tratamento, unha vez finalice a execución das accións formativas, os datos persoais e, se é o caso, os soportes onde figuren. A devolución suporá o borrado total dos datos existentes nos equipos informáticos utilizados polo

encargado e subencargados. Non obstante, de conformidade coa normativa en materia de protección de datos, o encargado poderá conservar unha copia dos datos estritamente necesarios, debidamente bloqueados, mentres se poidan derivar responsabilidades da execución das devanditas accións formativas.

A fin de dar cumprimento ao deber de información esixido no artigo 13 do RXPd, as entidades beneficiarias informarán ás persoas participantes nas accións formativas obxecto da subvención, e sen prexuízo de calquera outra información en materia de protección de datos persoais que sexa necesario proporcionar relativa a actividades ou tratamentos de datos específicos que poidan levarse a cabo no marco da súa xestión, dos seguintes aspectos:

A Secretaría Xeral Técnica da Consellería de Emprego, Comercio e Emigración na súa condición de responsable, tratará os datos persoais recadados para a xestión das accións formativas do Sistema de formación Profesional dos graos A, B e C, para as persoas participantes nelas. A base lexitimadora para o tratamento dos devanditos datos persoais, incluíndo no seu caso os datos de categoría especial coma os relativos á saúde, será o cumprimento dunha misión realizada en interese público (Lei orgánica 3/2022, do 31 de marzo, de ordenación e integración da Formación Profesional e Lei 30/2015, do 9 de setembro, pola que se regula o Sistema de Formación Profesional para o emprego no ámbito laboral) fundamentada nun interese público esencial. Os datos poderán ser comunicados a outras administracións públicas de ámbito autonómico e estatal cando sexa estritamente necesario para o exercicio das súas competencias, así como ás entidades e profesionais colaboradores na impartición e xestión das devanditas accións formativas. As persoas interesadas poderán solicitar ante o responsable do tratamento o acceso, rectificación, limitación e supresión dos seus datos, así como opoñerse ao seu tratamento, a través da sede electrónica da Xunta de Galicia ou nos lugares e rexistros establecidos pola normativa reguladora do procedemento administrativo común segundo se recolle en <https://www.xunta.gal/exercicio-de-dereitos>. Contacto co delegado/a de protección de datos e información adicional ao respecto na seguinte ligazón:

<https://www.xunta.gal/informacion-xeral-proteccion-datos>.

### **Capítulo III**

#### **Instrución e resolución do procedemento.**

##### **Artigo 16. Procedemento**

1. O órgano instrutor do procedemento é a Subdirección Xeral de Formación para o Emprego, que será competente para revisar as solicitudes que se presenten, analizar os proxectos formativos, verificar o cumprimento dos requisitos e formular a proposta de resolución.

O procedemento que se seguirá na tramitación e instrución dos expedientes será o establecido no artigo 22 da Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia, coas concrecións que se establecen na presente orde.

2. Para a concesión das subvencións reguladas nesta orde seguirase o procedemento de concesión directa, nos termos establecidos nos artigos 19 e 26 da Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia.

3. Presentada unha solicitude de subvención, procederase ao seu estudo e revisión. Serán obxecto de desestimación todas aquelas solicitudes que non reúnan os requisitos exixidos para a súa concesión.

4. As solicitudes de subvención tramitaranse e resolveranse de acordo coa orde de presentación das mesmas, en función do cumprimento dos requisitos exixidos e sempre que a solicitude e a documentación a achegar estean completas. No caso de que fose necesaria a emenda da solicitude, entenderase como data de presentación, a efectos de determinar a orde de prelación antes citada, a da súa emenda.

5. As axudas concederanse ás persoas solicitantes que reúnan todos os requisitos establecidos nesta orde, seguindo a orde de prelación temporal da presentación electrónica das solicitudes e até o esgotamento do orzamento dispoñible ou, de ser o caso, o remate do prazo límite de presentación de solicitudes.

O esgotamento do crédito publicarase no Diario Oficial de Galicia e na páxina web da Consellería de Emprego, Comercio e Emigración e procederá a inadmisión de todas as solicitudes presentadas que non fosen tramitadas ata ese momento sen necesidade de ningunha actuación previa.

No suposto de que, en atención ao disposto nos artigos 4.2 e 9.1.i) desta orde, a solicitude de subvención inclúa a proposta de alta de novas especialidades no Catálogo de Especialidades Formativas, non poderá emitirse a resolución de concesión de subvención ata que se produza a alta da nova especialidade no catálogo. Esta circunstancia non alterará a orde de prelación das solicitudes establecido no apartado 4 deste artigo.

6. No suposto de opoñerse á consulta ou, no seu caso, de non prestar o consentimento expreso ao que se refire o artigo 10 desta Orde, as entidades deberán acreditar, tanto antes de dítase a resolución de concesión como de proceder ao cobramento das subvencións, que están ao día no cumprimento das súas obrigas tributarias e da Seguridade Social e que non teñen pendente de pagamento ningunha débeda, por ningún concepto, coa Administración pública da Comunidade Autónoma de Galicia.

No caso das entidades recollidas no artigo 11 do Decreto 11/2009, do 8 de xaneiro, polo que se aproba o Regulamento da Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia, esta obriga poderá ser substituída pola declaración responsable da persoa solicitante de estar ao día no cumprimento das obrigas tributarias ou fronte á Seguridade Social e de non ter pendente de pagamento ningunha débeda coa Administración pública da Comunidade Autónoma de Galicia.

7. A proposta de resolución xerarase en función dos criterios establecidos no primeiro parágrafo do apartado 5 deste artigo.

Á vista da proposta de resolución, o órgano competente, de acordo co disposto no artigo 18 da presente Orde, ditará a resolución correspondente.

8. De se produciren dispoñibilidades de crédito como consecuencia da asignación ou da redistribución de fondos para o financiamento dos programas de formación para o emprego, nos supostos e nas condicións previstas nos artigos 30 e 31 do Decreto

11/2009, de 8 de xaneiro, polo que se aproba o Regulamento de subvencións de Galicia, ou como consecuencia de posibles minoracións, renuncias ou modificacións nas subvencións concedidas, o órgano instrutor poderá realizar novas propostas de concesión de proxectos continuando coa orde de prelación temporal da presentación electrónica das solicitudes ata esgotar o novo crédito.

9. De incluír a convocatoria diferentes liñas de formación e no caso de que se esgotase o crédito reservado para algunha delas, poderá utilizarse o crédito dispoñible nas outras liñas para atender ás solicitudes de subvención que correspondan á liña para a que se consumiron os fondos previstos.

10. De ser o caso, cada convocatoria poderá establecer un prazo máximo para iniciar, unha vez notificada a resolución de concesión de subvención á beneficiaria, a impartición das accións formativas incluídas no expediente resolto favorablemente. O incumprimento do dito prazo poderá dar lugar, previa resolución da Dirección Xeral de Formación e Cualificación para o Emprego, á revogación da resolución de concesión coa conseguinte dispoñibilidade do importe do crédito concedido.

### **Artigo 17. Determinación da subvención**

1. O anexo III de cada convocatoria incluírá os módulos económicos específicos establecidos como límite máximo a solicitar para cada familia, área profesional ou especialidade formativa, segundo se determine na correspondente convocatoria, de acordo co disposto no artigo 3.1 da orde TMS/368/2019, do 28 de marzo.

Para os efectos do previsto nesta orde enténdese por módulo económico o custo por participante e hora de formación que poderá ser obxecto de financiamento público.

2. A contía da subvención a conceder por cada acción formativa calcularase en función do número de participantes previstos, do número de horas da acción formativa, e dos módulos económicos específicos a aplicar por participante e hora de formación.

O importe económico do módulo a empregar na impartición dos módulos transversais será o mesmo que o que corresponda á especialidade formativa que se imparta.

Os módulos transversais poderán impartirse na modalidade de teleformación. Neste caso o módulo económico a aplicar determinarase na correspondente convocatoria.

3. Realizada a acción formativa, a liquidación da subvención efectuarase en función das persoas participantes que remataran a formación, nos termos contemplados no capítulo VI desta orde.

A subvención concedida terá o carácter de importe máximo e destinarase á realización das accións formativas autorizadas.

### **Artigo 18. Resolución**

1. A resolución dos expedientes de axudas corresponderalle, unha vez formulada a proposta de resolución polo órgano instrutor e fiscalizada esta pola Intervención competente, á persoa titular da Dirección Xeral de Formación e Cualificación para o Emprego, por delegación da persoa titular da consellería.

2. O prazo para resolver e notificar será de 1 mes a contar dende a data de presentación da solicitude de subvención.

O dito prazo suspenderase, cando deba requirirse á entidade interesada a emenda de deficiencias ou a achega de documentos e elementos de xuízo necesarios, polo tempo que medie entre a notificación do requirimento e o seu efectivo cumprimento pola entidade interesada.

Transcorrido o prazo de 1 mes para resolver sen que se notifique resolución expresa, entenderase desestimada a solicitude, de acordo co establecido no artigo 23.5 da Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia, e co disposto no artigo 25 da Lei 39/2015, do 1 de outubro, do procedemento administrativo común das administracións públicas.

3. A resolución da concesión de subvención fixará expresamente a contía total concedida, con indicación das accións formativas subvencionadas e o importe do orzamento aprobado para cada unha delas. Así mesmo incorporará, de ser o caso, as obrigas e determinacións accesorias a que deba estar suxeita a empresa beneficiaria.

4. Notificada a resolución definitiva polo órgano competente, a beneficiaria disporá dun prazo de 10 días hábiles para a súa aceptación, a través da aplicación informática SIFO; transcorrido este sen que se producise manifestación expresa, entenderase, de acordo co disposto no artigo 21.5 da Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia, tacitamente aceptada.

A aceptación da concesión da subvención implica que a beneficiaria recoñece que conta con capacidade suficiente, en termos económicos, técnicos, de recursos humanos, materiais e organizativos, para asumir na súa totalidade a execución completa das accións formativas concedidas, así como que se compromete a dispoñer deles ao longo de todo o período de execución da actividade subvencionable.

5. No suposto de que as empresas ou entidades beneficiarias decidan renunciar, parcial ou totalmente, de xeito sobrevido con posterioridade á súa aceptación a través do aplicativo SIFO, só se considerarán causas xustificadas as seguintes:

- Imposibilidade acreditada de atopar alumnado suficiente para comezar a acción formativa. Esta imposibilidade xustificarase mediante unha memoria explicativa das actuacións realizadas e dos medios aplicados para a cobertura das prazas na que deberán documentarse as accións de difusión e publicidade realizadas ao efecto e as peticións de persoas candidatas efectuadas ás oficinas de emprego do Servizo Público de Emprego de Galicia.
- Imposibilidade acreditada de contratar persoal docente que cumpra os requisitos esixidos para impartir a especialidade formativa. Esta imposibilidade xustificarase mediante unha memoria explicativa das actuacións realizadas e dos medios aplicados para a contratación do persoal docente na que deberán documentarse as accións de difusión e publicidade realizadas ao efecto e os trámites efectuados para a contratación do profesorado.
- Por circunstancias de gravidade e excepcionalidade sobrevidas debidamente acreditadas.

A beneficiaria estará obrigada a comunicar a súa renuncia motivada no prazo de 5 días hábiles dende que se produza a circunstancia causante. Dita renuncia deberá

presentarse a través do aplicativo informático de notificación xenérica FORMAN, <https://emprego.xunta.es/forman>, accedendo ao menú "Documentación -> Remitir documentación", para, tras indicar o expediente e acción formativa correspondente, seleccionar no campo "Tipo de anexo" a epígrafe "Solicitud de renuncia a curso".

A Dirección Xeral de Formación e Cualificación para o Emprego deberá ditar resolución expresa sobre a renuncia, nos termos preceptuados pola Lei 39/2015, do 1 de outubro, do procedemento administrativo común das administracións públicas.

No caso de non producirse unha renuncia expresa e unha vez transcorridos 5 días hábiles dende a data en que a acción formativa debería terse iniciado, entenderase feita unha renuncia tácita non xustificada, e poderá dar lugar ao inicio polo órgano xestor da tramitación desta nos termos expostos nos anteriores parágrafo e coas consecuencias previstas nesta orde.

As renuncias por causas non xustificadas poderán dar lugar á perda do dereito da beneficiaria a obter unha subvención para impartir accións formativas con compromiso de contratación, código de procedemento TR301P, na convocatoria inmediatamente seguinte á que tivo lugar o incumprimento.

A penalización establecida no parágrafo anterior aplicarase, de ser o caso, naqueles supostos en que o número de accións formativas renunciadas por causas non xustificadas, sexa igual ou superior ao 20% do número de accións formativas que estaba previsto impartir en base á subvención concedida.

A renuncia, independentemente de que esta sexa por causa xustificada ou non, dará lugar, unha vez realizados os axustes contables correspondentes, á dispoñibilidade do crédito concedido.

6. Toda alteración das condicións tidas en conta para a concesión das axudas ou subvencións, así como a obtención concorrente de subvencións e axudas outorgadas por outras administracións ou outros entes públicos ou privados, estatais ou internacionais, poderá dar lugar á modificación da resolución de concesión e, eventualmente, á súa revogación.

7. En aplicación da orde TES/26/2022, do 20 de xaneiro, pola que se modifica a orde TMS/368/2019, do 28 de marzo, unha vez recaída a resolución de concesión, a persoa beneficiaria poderá solicitar a modificación ou modificacións da mesma. Calquera modificación, incluída a ampliación do prazo de execución do programa formativo, poderá solicitarse cando concorran circunstancias de toda índole, excepcionais e alleas á beneficiaria, especialmente por razóns sanitarias, catástrofes naturais ou calquera outra de natureza análoga que se poidan incluír na resolución da convocatoria, que imposibiliten a realización da formación nas condicións establecidas na resolución de concesión.

A petición deberá fundamentarse, mediante memoria xustificativa, en circunstancias sobrevidas tras a resolución e durante o prazo de execución da actividade subvencionada para cada empresa ou entidade beneficiaria e haberá de formalizarse con carácter inmediato ao seu acaecemento e, en todo caso, antes do remate do citado prazo de execución.

As modificacións que afecten exclusivamente ao número de participantes nas accións formativas non lles será de aplicación o disposto neste apartado.

As solicitudes de modificación serán resoltas polo órgano concedente da subvención. A modificación só poderá autorizarse se non dana dereitos de terceiros.

O órgano competente ditará resolución motivada no prazo de 1 mes dende a data na que a solicitude tivese entrada no rexistro do órgano competente para a súa tramitación. Transcorrido este prazo sen notificarse resolución expresa a solicitude entenderase como desestimada. As resolucións poderán retrotraer os seus efectos, como máximo, ao momento de presentación da solicitude de modificación.

## **Artigo 19. Recursos**

As resolucións ditadas poñen fin á vía administrativa, e contra elas poderá interpoñerse, potestativamente, recurso de reposición ante o órgano que ditou o acto, no prazo de 1 mes desde a súa notificación, se o acto fose expreso, ou en calquera momento a partir do día seguinte a aquel en que se produza o acto presunto, se o acto

non fose expreso, de conformidade co que preceptúan os artigos 123 e 124 da Lei 39/2015, do 1 de outubro, do procedemento administrativo común das administracións públicas, ou, directamente, recurso contencioso-administrativo ante o órgano xurisdiccional competente, no prazo de 2 meses contados desde o día seguinte ao da súa notificación, de conformidade co establecido na Lei 29/1998, do 13 de xullo, reguladora da xurisdición contencioso-administrativa.

#### **Artigo 20. Publicidade das subvencións**

1. De acordo co establecido no artigo 14 letra ñ) da Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia, as empresas e entidades beneficiarias quedan informadas da existencia do Rexistro Público de Subvencións e dos aspectos previstos na Lei orgánica 3/2018, do 5 de decembro, de protección de datos persoais e garantía dos dereitos dixitais.
2. Así mesmo, e tal como se recolle no artigo 15.1 da Lei 9/2007, do 13 de xuño, os órganos administrativos concedentes procederán a publicar no Diario Oficial de Galicia as subvencións concedidas, indicando a convocatoria, o programa e crédito orzamentario ao que se imputan, a persoa beneficiaria, a cantidade concedida e a finalidade ou as finalidades da subvención.
3. Igualmente, publicaranse na páxina web oficial da Consellería de Emprego, Comercio e Emigración nos termos previstos no artigo 17 da Lei 1/2016, do 18 de xaneiro, de transparencia e bo goberno, polo que a presentación da solicitude leva implícita a autorización para o tratamento necesario dos datos das persoas beneficiarias e da súa publicación na citada páxina web.

### **Capítulo IV**

#### **Medios de execución, documentación, dereitos e obrigas**

#### **Artigo 21. Medios de execución das accións formativas**

1. As empresas beneficiarias desenvolverán as accións formativas a través de medios propios ou poderán recorrer á súa contratación, por unha soa vez, sempre que resulten adecuados para tal fin, nos termos da letra a) do número 2 do artigo 14 da Lei 30/2015,

do 9 de setembro, pola que se regula o Sistema de formación profesional para o emprego no ámbito laboral.

No caso de que as empresas beneficiarias opten pola contratación para impartir a formación, que poderá ser do 100 % da actividade formativa subvencionada, deberán comunicarllo á Dirección Xeral de Formación e Cualificación para o Emprego con anterioridade ao comezo da acción formativa e subscribir un contrato por escrito cunha entidade de formación inscrita ou acreditada para impartir a formación.

2. No suposto de que a empresa beneficiaria sexa unha entidade de formación, non poderá subcontratar con terceiros a execución da actividade formativa.

3. A contratación de persoal docente para a impartición da formación subvencionada por parte da empresa beneficiaria non se considerará subcontratación, entendéndose a estes efectos por contratación de persoal docente a contratación de persoas físicas.

4. A beneficiaria deberá contar con medios propios que lle permitan desenvolver as funcións de planificación e coordinación do proxecto, e asumirá, en todo caso, a responsabilidade da execución da actividade subvencionada fronte á Consellería de Emprego, Comercio e Emigración, debendo garantir, tanto esta como, de ser o caso, a subcontratada, a realización das funcións de seguimento e control por parte da Administración.

5. As beneficiarias desenvolverán as accións formativas nas súas instalacións.

No caso de que as beneficiarias carezan de instalacións axeitadas para a impartición do proxecto formativo, poderase autorizar a súa impartición nas instalacións dun centro acreditado ou inscrito en Galicia no Rexistro de Centros e Entidades de Formación para o Emprego.

Os centros e entidades onde se imparta a formación deberán estar en posesión da licenza municipal de apertura da actividade de que se trate. Na súa falta, este documento poderá ser substituído por unha declaración responsable da súa representación legal en que se faga constar a idoneidade dos locais de impartición.

Se as accións formativas teñen lugar en espazos cedidos por outras entidades, a licenza de apertura só poderá ser substituída, nos seguintes supostos, por algún destes documentos:

a) Centros de titularidade municipal: certificación da persoa titular da secretaría municipal en que se acredite que os lugares de impartición das accións formativas son aptos para esta finalidade.

b) Entidades públicas (centros de formación, centros sanitarios, etc.): calquera outro documento que acredite suficientemente a súa idoneidade para impartir formación.

En calquera dos casos, esta circunstancia deberá acreditarse tanto nos locais onde se imparta a parte teórica como a práctica.

6. Para o caso de que as beneficiarias teñan comunicado que a impartición da formación se efectuará a través da contratación con entidades de formación, cando o importe do gasto subvencionable supere as contías establecidas para os contratos menores no artigo 118 da Lei 9/2017, do 8 de novembro, de contratos do sector público, pola que se traspoñen ao ordenamento xurídico español as directivas do Parlamento Europeo e do Consello 2014/23/UE e 2014/24/UE, do 26 de febreiro de 2014, as entidades beneficiarias deberán solicitar, como mínimo, 3 ofertas, de diferentes provedores non vinculados entre si, con carácter previo á contratación do servizo, salvo que, polas súas especiais características, non exista no mercado suficiente número de entidades que as realicen, presten ou subministren, nos termos do artigo 29 da Lei 9/2007, de 13 de xuño, de subvencións de Galicia.

As ofertas presentadas deberán conter os mesmos conceptos ofertados.

7. No caso de que a subcontratación sexa con entidades vencelladas, deberán concorrer as seguintes circunstancias:

- Que a contratación se realice de acordo coas condicións normais de mercado.

- Que se obteña a autorización previa da Dirección Xeral de Formación e Cualificación para o Emprego emitida no prazo de 15 días a contar dende o día seguinte ao da solicitude de autorización.

Entenderanse por empresas vinculadas aquelas que se atopen nalgunha das situacións previstas no artigo 43 do Decreto 11/2009, do 8 de xaneiro, polo que se aproba o Regulamento da Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia.

8. As empresas beneficiarias non poderán exceder os límites na imputación de custos relativos á subcontratación da docencia a través dun servizo externo. A estes efectos será de aplicación o disposto na Lei de orzamentos xerais da Comunidade Autónoma de Galicia para o ano da correspondente convocatoria, en virtude da previsión establecida no artigo 131.1 do Real decreto 1098/2001, do 12 de outubro, polo que se aproba o Regulamento xeral da Lei de contratos das administracións públicas.

## **Artigo 22. Información e documentación para a xestión da execución das accións formativas**

1. Os datos correspondentes á xestión das accións formativas deberán introducirse en liña a través da aplicación informática SIFO que a Dirección Xeral de Formación e Cualificación para o Emprego pon á disposición das beneficiarias.

2. O tratamento de datos persoais estará suxeito ao disposto na normativa vixente e as instrucións que sobre esta materia dite a Dirección Xeral de Formación e Cualificación para o Emprego.

3. Como mínimo 3 días hábiles antes do inicio de cada acción formativa deberá incorporarse ao sistema informático SIFO a seguinte información:

- a) A relación nominal do alumnado seleccionado con indicación do seu DNI/NIE.

Nunha acción formativa non se poderán compaxinar os perfís de persoa alumna e persoal docente, nin o de persoa alumna co de persoal de apoio.

- b) Os instrumentos de avaliación válidos e fiables a aplicar, cun sistema de puntuación e corrección obxectivo, adecuados a cada metodoloxía de

aprendizaxe e á normativa vixente reguladora de cada tipoloxía de oferta formativa.

- c) A relación de persoal docente, con especificación dos seus DNI/NIE, que vai impartir a acción formativa coa relación dos contidos que impartirá cada un deles, facendo constar a súa formación metodolóxica e a documentación acreditativa da súa formación e experiencia cando esta non estea en poder da Consellería de Emprego, Comercio e Emigración.
- d) A identificación, con especificación do DNI/NIE, do persoal de preparación de clases e titorías para o reforzo formativo e a impartición da docencia.
- e) A identificación do persoal, con especificación dos seus DNI/NIE, que asuma as tarefas de administración e dirección estritamente necesarias para a preparación, xestión e execución da acción formativa.
- f) As datas de inicio e remate da acción formativa, así como o horario de impartición.
- g) A planificación temporal do grupo que, no caso de especialidades de estrutura modular, deberá detallarse para cada un dos módulos do curso, incluídos os transversais, indicando, de ser o caso, a previsión de visitas didácticas a realizar ao longo do curso.
- h) O compromiso verificable de calidade na xestión, transparencia e eficiencia na utilización de recursos públicos. Este compromiso estará referido ao seguimento da impartición e asistencia de todas as persoas que participan na acción, á súa satisfacción co desenvolvemento da acción formativa, aos seus contidos, aos seus resultados e á calidade do profesorado.
- i) O seguro de accidentes das persoas participantes.
- j) No caso de accións formativas conducentes á obtención de certificados profesionais:

- Ratificación do compromiso de subscribir un convenio ou acordo coa empresa ou empresas nas que terá lugar a formación en empresa incluída no certificado profesional.
- Planificación didáctica, elaborada segundo o disposto no anexo III da Orde ESS/1897/2013, do 10 de outubro.
- Programación didáctica de cada módulo profesional elaborada segundo o establecido no anexo IV da Orde ESS/1897/2013, do 10 de outubro.
- Planificación da avaliación, de acordo co anexo V da Orde ESS/1897/2013, do 10 de outubro.

4. O día de inicio de cada acción formativa introducirase no sistema informático SIFO a certificación xustificativa do seu comezo e, de ser o caso, das modificacións producidas respecto dos datos relacionados no apartado 3 deste artigo.

5. No momento da incorporación do alumnado á acción formativa requiriráselle a este a seguinte información que se incorporará ao seu expediente electrónico localizado no aplicativo informático SIFO.

- a) Ficha electrónica individual que, para os efectos de posibles notificacións, envío de diplomas ou remisión de certificados emitidos a solicitude da persoa interesada, deberá incluír o enderezo de correo electrónico das persoas participantes na actividade formativa.

Unha vez xestionada a documentación necesaria para a cobertura da ficha a través da aplicación SIFO, deberán eliminarse as copias da documentación proporcionada polas persoas seleccionadas e polas persoas candidatas non seleccionadas, en particular, as copias dos seus documentos identificativos e calquera outro que conteña datos de carácter persoal.

- b) Para o seguimento da acción formativa, a Consellería de Emprego, Comercio e Emigración consultará automaticamente os datos do DNI/NIE do alumnado en poder da Administración actuante ou elaborados polas administracións públicas, agás que a persoa interesada se opoña á súa consulta. Caso de

opoñerse á consulta, que deberá manifestarse por escrito, as persoas alumnas deberán facilitar unha copia do seu DNI/NIE para a súa incorporación ao seu expediente.

- c) Documento asinado polo alumnado participante de que foi informado, conforme o exixido nos artigos 13 e 14 do Regulamento (UE) nº 2016/679 xeral de protección de datos, do tratamento dos seus datos persoais para a xestión, control e seguimento das accións formativas.

Na aplicación informática SIFO estará dispoñible para a súa descarga o modelo normalizado que deberán facilitar as entidades ao alumnado.

- d) Documentación acreditativa do cumprimento dos requisitos de acceso para realizar a formación ou, de ser o caso, de ter iniciado e pendente de resolución un proceso de homologación de títulos estranxeiros ou de expedición dun certificado profesional que se corresponda cos requisitos exixidos para poder asistir á actividade de formación.
- e) Documentación acreditativa necesaria para a exención do módulo formativo transversal, de ser o caso.
- f) Documentación acreditativa necesaria para a exención dun módulo profesional incluído nunha oferta formativa do grao C ou dun módulo transversal incluído na acción formativa, de ser o caso.
- g) Documentación acreditativa requirida para a exención da formación en empresa, de ser o caso.
- h) Documento informativo sobre dereitos e obrigas a entregar pola beneficiaria ao alumnado debidamente asinado polas persoas participantes.

Na aplicación informática SIFO estará dispoñible para a súa descarga o modelo normalizado que deberá facilitarse ao alumnado.

## 6. Mensualmente achegarase a seguinte información:

- a) De terse producido incidencias no sistema de control de asistencia debidamente acreditadas perante o equipo de soporte informático, partes diarios e mensuais de asistencia no modelo xerado pola aplicación informática SIFO asinados, ao inicio e ao remate de cada sesión, polo alumnado participante e polo persoal formador afectado pola incidencia, así como da persoa responsable da beneficiaria.

Os ditos partes deberán identificar unicamente ás persoas participantes afectadas pola incidencia e expresar as horas realizadas diariamente por cada unha delas, reflectindo expresamente o número de horas e minutos de ausencia.

- b) Comunicación das incidencias producidas, de ser o caso.

7. No prazo de 2 meses dende o remate de cada acción formativa deberase completar calquera información relativa á mesma no aplicativo informático SIFO e, unha vez completada a introdución dos datos asinar, pola persoa representante da entidade, a certificación de que a acción formativa está rematada.

Este certificado, xerado polo sistema informático en base aos datos que constan no aplicativo, deberá estar firmado con carácter previo á presentación da xustificación da subvención.

8. A non comunicación da información ou aporte da documentación requirida nos prazos establecidos implicará a aplicación, de ser o caso, das minoracións recollidas no artigo 42 desta orde.

### **Artigo 23. Requisitos a cumprir en relación co persoal formador**

1. Toda persoa que fose validada como formadora por unha unidade administrativa dunha administración pública competente en materia de formación no traballo para impartir unha determinada especialidade formativa entenderase que cumpre cos requisitos para impartila, na modalidade para a que foi validada, en todo o territorio da Comunidade Autónoma de Galicia.

2. Para impartir as ofertas de formación profesional dos graos A, B e C reguladas nesta orde o persoal formador deberá cumprir os requisitos establecidos no Real Decreto 659/2023, do 18 de xullo, e demais normativa que resulte de aplicación. Cada módulo profesional das ofertas de grao A, B ou C a realizar na modalidade presencial poderá ser impartido, como máximo, por dúas persoas formadoras, que deberán cumprir cos requisitos que para cada módulo se establezan na normativa vixente.

No caso de accións formativas do Catálogo de Especialidades Formativas, as persoas docentes deberán cumprir os requisitos establecidos en cada programa formativo.

3. As persoas docentes encargadas da impartición do módulo de formación sobre igualdade de oportunidades entre mulleres e homes e corresponsabilidade familiar e doméstica establecido no artigo 32 da orde, deberán acreditar 150 horas de formación en materia de xénero ou de experiencia profesional ou docente en materia de xénero, séndolles de aplicación os mesmos criterios de equiparación da acreditación que se establecen no apartado anterior.

Asi mesmo, poderá impartir este módulo o persoal inscrito no Rexistro de Persoal Docente acreditado para impartir a formación en materia de igualdade e prevención e loita contra a violencia de xénero (código de procedemento SI500B). A resolución de inscrición no rexistro será condición suficiente para xustificar o cumprimento dos requisitos exixidos no parágrafo anterior.

#### **Artigo 24. Obrigas das empresas na execución das accións formativas**

1. Realizar a execución das accións formativas subvencionadas de acordo coas condicións e requisitos formais e materiais que se establezan na orde de bases e na correspondente convocatoria.

2. Comunicar, de ser o caso, á Dirección Xeral de Formación e Cualificación para o Emprego a solicitude e/ou a obtención de subvencións ou axudas para esta mesma finalidade procedentes de calquera outra administración ou ente público.

3. Expor no taboleiro de anuncios do centro no que se imparta a formación o programa completo da acción formativa, a porcentaxe do compromiso de contratación en

relación co alumnado participante que teña a consideración de aprobado e/ou formado, a duración do contrato e os centros de traballo en que terá lugar a contratación, os dereitos e obrigas do alumnado, así como a relación do persoal docente, as datas de impartición, horario da acción formativa e se a acción formativa pertence ao Catálogo do SEPE ou se se refire a accións formativas conducentes a certificados profesionais.

No anuncio deberá facerse constar necesariamente o carácter público do financiamento da acción subvencionada, incluíndose nel o emblema da Xunta de Galicia e o dos organismos que a financian.

Esta información deberá estar redactada en lingua galega, sen prexuízo de que así mesmo se publique noutros idiomas.

4. Informar ao alumnado do alcance e obxectivos da formación e dos requisitos necesarios para poder participar na acción formativa. Así mesmo deberá informarse ao alumnado, no caso de que os módulos transversais se impartan na modalidade de teleformación, dos medios técnicos necesarios para poder asistir con aproveitamento.

5. Respetar o carácter gratuíto da formación para o alumnado.

6. Informar ás persoas participantes das axudas e bolsas que poidan solicitar aos servizos de Formación e Cualificación para o Emprego dos departamentos territoriais da Consellería de Emprego, Comercio e Emigración localizados naquelas provincias en que teña lugar a formación e colaborar na xestión das subvencións en concepto de bolsas e axudas a que ten dereito o alumnado que participe nas accións formativas.

Este compromiso concrétese nos seguintes puntos:

- a) Informar adecuadamente ao alumnado, en tempo e forma, dos dereitos que posúen en canto á percepción de bolsas e axudas por asistir á actividade formativa, así como dos prazos para presentar a solicitude e da documentación necesaria.
- b) Formular a solicitude de subvención en concepto de bolsa e axuda en representación da persoa interesada e, de ser o caso, remitir a documentación complementaria necesaria por medios electrónicos.

- c) Elixir a opción de notificación por vía electrónica, así como colaborar coa Administración na contestación aos requirimentos de corrección das solicitudes e actualizar, dilixentemente e antes dos límites establecidos, a información para a tramitación e xestión das bolsas e axudas na aplicación informática SIFO.
- d) Calquera outra que a estes efectos se estableza na orde de bolsas e axudas para persoas traballadoras desempregadas (procedemento TR301V).

7. Aboar mensualmente a remuneración do persoal formador a través de transferencia bancaria. Non exime desta obriga o feito de que a empresa beneficiaria non percibise os anticipos previstos nesta orde.

8. Someterse ás actuacións de supervisión, seguimento e control que, en calquera momento, poidan acordar os servizos competentes da Consellería de Emprego, Comercio e Emigración, tanto no relativo ao desenvolvemento das accións formativas como á súa xestión e tramitación administrativa, e facilitar toda a documentación que a tales efectos se lles requira.

9. Aplicar un sistema de control de asistencia para verificar a asistencia do alumnado e do persoal docente participante na acción formativa mediante o uso dun sistema de identificación baseado en código QR e/ou DNI-e que identifique as persoas participantes ou, subsidiaria e unicamente como consecuencia dun fallo do sistema ou por imposibilidade acreditada de utilizar os medios de control citados, reportada ao equipo de soporte de COBIPE no momento en que esta se produza, mediante o uso de partes de asistencia firmados polas persoas afectadas.

O control de asistencia, obrigatorio para o alumnado e o persoal docente, deberá realizalo diariamente ao inicio e ao remate de cada sesión, de ser a acción formativa en horario de mañá ou de tarde, e 4 veces ao día, de impartirse a acción formativa en xornada partida, ao inicio e ao fin da sesión de mañá e ao inicio e ao remate da sesión de tarde.

No relativo á realización da formación en empresa, o control de presenza efectuarase mediante partes de asistencia que deberán asinarse diariamente ao inicio e ao remate de cada sesión, de ser a acción formativa en horario de mañá ou de tarde, e 4 veces ao

día, de impartirse a acción formativa en xornada partida, ao inicio e ao fin da sesión de mañá e ao inicio e ao remate da sesión de tarde.

Os datos de asistencia do alumnado deberán ser mecanizados pola entidade beneficiaria na aplicación informática COBIPE, no prazo de 5 días hábiles dende a impartición da sesión á que se refiran. O incumprimento da obriga de mecanización en prazo suporá a perda do dereito a percibir a liquidación correspondente á sesión non mecanizada das persoas participantes para as que non se rexistraron os datos.

Previa solicitude da entidade beneficiaria e mediante resolución da Dirección Xeral de Formación e Cualificación para o Emprego, poderá autorizarse a utilización dun sistema alternativo de fichaxe que sea compatible con Cobipe por razóns organizativas debidamente xustificadas.

A utilización dun código QR ou dun DNI-e por unha persoa distinta á titular do código ou do documento identificativo, ou a existencia de irregularidades na sinatura dos partes de firma, dará lugar, de acordo co procedemento establecido no artigo 25.6 desta orde, á expulsión da acción formativa da persoa ou persoas infractoras. Sen prexuízo de que as citadas incidencias podan ser detectadas a través das actuacións de seguimento e control que vai realizar a Administración, as ditas anomalías deberán ser comunicadas pola entidade ao órgano administrativo competente no momento da súa detección.

De ser o caso, a participación da beneficiaria nalgún tipo de fraude no rexistro do control de asistencia dará lugar, previa resolución do órgano competente, á suspensión da acción formativa e a perda do dereito a percibir a subvención concedida sen prexuízo das actuacións sancionadoras que procedan.

10. Contratar un seguro de accidentes para o alumnado, que cubra tanto os riscos que poidan ter durante o desenvolvemento da acción formativa, como o risco "in itinere" en concepto de desprazamento ao lugar de impartición das clases teóricas, prácticas, visitas didácticas, titorías e probas presenciais. Non se admitirán pólizas con franquías.

A súa duración abranguerá o período da acción formativa, e incluírá, de ser o caso, as prácticas ou visitas a empresas cando estas se realicen, sen que poida admitirse restrición nin exclusión ningunha por razón do medio de transporte utilizado.

O seguro deberá ter a seguinte cobertura mínima:

- a) No caso de morte: 60.000 €.
- b) No caso de invalidez permanente: 60.000 €.
- c) Asistencia médico farmacéutica: durante un ano a partir do sinistro.

11. Contratar unha póliza de responsabilidade civil dun mínimo de 300.000 € para facer fronte aos riscos que podan derivarse para os bens e as persoas cando se realicen prácticas en empresas ou outras actividades relacionadas coa acción formativa. Non se admitirán pólizas con franquías.

12. Pór a disposición do alumnado os materiais didácticos que se precisen para a axeitada realización da formación, así como os equipos necesarios tanto para a realización das prácticas como para a súa protección e seguridade, do que deberá quedar constancia documental, asinada por cada unha das persoas alumnas, que se incorporará ao expediente electrónico de SIFO.

13. Comunicar á Subdirección Xeral de Formación para o Emprego calquera circunstancia ou eventualidade que poida afectar substancialmente á execución das accións formativas programadas. Esta comunicación deberá realizarse no prazo de 2 días hábiles dende que se teña coñecemento de que se vai producir ou, no caso de non ter coñecemento previo, dun día hábil dende que se produza.

14. Comunicar aos servizos de Formación e Cualificación para o Emprego dos departamentos territoriais da provincia en que teña lugar a acción formativa, con 3 días hábiles de antelación ao día en que vaian ter lugar, a realización de viaxes ou visitas de carácter didáctico.

Estas actividades só poderán denegarse mediante resolución motivada cando o seu contido non supoña unha achega formativa para o alumnado ou reitere actividades xa realizadas.

15. Facilitar toda a información que lles sexa requirida polo órgano competente da Consellería de Emprego, Comercio e Emigración, pola Intervención Xeral da Comunidade Autónoma, polo Tribunal de Contas ou polo Consello de Contas, no exercicio das súas funcións de fiscalización e control do destino das axudas, así como someterse a todas as actuacións de comprobación e control previstas no artigo 11.c) da Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia.

16. Dispor de libros contables, rexistros dilixenciados e demais documentos debidamente auditados nos termos esixidos pola lexislación mercantil e sectorial aplicable á entidade beneficiaria en cada caso, coa identificación en conta separada ou epígrafe específico da súa contabilidade de todos os ingresos e gastos de execución das accións formativas, coa referencia común en todos eles á formación para o emprego, de maneira que exista pista de auditoría adecuada.

17. Para o caso do persoal interno vencellado á impartición da docencia, a entidade deberá crear, documentar e custodiar un sistema con valor probatorio suficiente, para acreditar as horas diarias adicadas por cada persoa a estes labores de preparación e titoría, e as tarefas realizadas con indicación do seu custo.

18. Dispor de follas de reclamación a disposición de todos os usuarios e usuarias, en aplicación do disposto na Lei 2/2012, do 28 de marzo, galega de protección xeral das persoas consumidoras e usuarias.

19. Realizar 2 cuestionarios de valoración da acción formativa a cubrir un deles por parte do alumnado durante o primeiro cuarto da acción formativa, para a detección de posibles desviacións ou incidencias no desenvolvemento do curso, e o outro ao remate deste.

Aos efectos da realización do cuestionario final, a Consellería de Emprego, Comercio e Emigración remitirá unha enquisa electrónica de avaliación de calidade a cubrir polo alumnado participante.

A Administración poderá facilitar ás persoas participantes no momento que considere oportuno, e especialmente se se detectasen incidencias na impartición da formación,

formularios dirixidos a coñecer a súa opinión en relación co desenvolvemento da acción formativa.

20. Verificar que no momento do comezo da acción formativa a especialidade segue en alta no Catálogo de Especialidades Formativas do SEPE e que o programa de alta no Catálogo non difire do programa autorizado. No caso de impartición de Formación do Sistema de Formación Profesional, deberá constatarase que o real decreto correspondente continúa en vigor.

Non serán subvencionables as accións formativas que no momento do seu inicio non estivesen vixentes e de alta no Catálogo de Especialidades Formativas ou que o real decreto que as regula non estea vixente.

21. En aplicación do disposto no artigo 10.k) da orde EFP/942/2022, do 23 de setembro, nas accións formativas do Sistema de Formación Profesional dos Graos A, B e C, deberán realizar cando menos unha sesión de orientación profesional para favorecer a xeración de itinerarios formativos e profesionais das persoas destinatarias da formación.

Da sesión, que poderá ser individual ou grupal, quedará constancia escrita asinada pola entidade e polo alumnado asistente que se incorporará ao expediente electrónico de SIFO. No documento deberá indicarse a data e horario en que esta tivo lugar, a modalidade na que se desenvolveu, a relación de participantes, a súa duración e os contidos tratados.

22. Verificar o cumprimento dos requisitos de acceso a cumprir polo alumnado.

No proceso de liquidación da subvención, non serán obxecto de cómputo na determinación do importe a liquidar aqueles alumnos ou alumnas que non cumpran os requisitos exixidos para o acceso á acción formativa.

Tampouco se expedirán diplomas nin certificados de ningún tipo ás persoas alumnas que accedan á formación sen reunir os requisitos exixidos, nin se asumirá ningún tipo de responsabilidade económica por parte da Administración derivada da súa

participación, o que inclúe que non terán dereito a percibir ningún tipo de bolsas e axudas.

Como excepción ao disposto nos anteriores parágrafos, poderán participar nunha acción formativa as persoas candidatas que teñan iniciado e pendente de resolución un proceso de homologación de títulos e estudos estranxeiros e sempre e cando estes se correspondan cos requisitos exixidos para poder asistir á actividade de formación.

O recoñecemento oficial da formación estará condicionado a que se produza a validación ou homologación dos ditos estudos. Caso de que finalmente esta non teña lugar, a acción formativa considerárase, para os efectos da expedición do diploma ou certificado oficial, como non efectuada, xerando non obstante para a entidade dereitos liquidatorios.

Mediante unha instrución da Dirección Xeral de Formación e Cualificación para o Emprego e para os efectos de dar cumprimento ás disposicións legais que regulen o acceso a esta formación, poderán admitirse outros colectivos que non cumpran os requisitos de acceso.

23. As beneficiarias da subvención non poderán tratar os datos persoais que lles poidan ser facilitados pola Consellería de Emprego, Comercio e Emigración para fins propios fóra do ámbito de xestión das accións formativas subvencionadas e do compromiso de contratación asumido, en particular, con fins publicitarios ou de mercadotecnia, nin poderán comunicalos a ningún terceiro fóra dos casos legalmente previstos.

24. Respecto das persoas participantes en cada unha das accións formativas, as entidades beneficiarias obríganse a informalas conforme o exixido nos artigos 13 e 14 do Regulamento (UE) nº 2016/679 xeral de protección de datos, e en particular que os datos persoais tratados para a participación na correspondente actividade formativa, incluídos, de ser o caso, os de categoría especial definidos no artigo 9.1 do Regulamento xeral de protección de datos, así como aqueles cuxo tratamento poida derivar do sistema de identificación baseado en código QR e/ou DNI-e, serán tratados pola Secretaría Xeral Técnica da Consellería de Emprego, Comercio e Emigración, na súa condición de

responsable do tratamento, coa finalidade de levar a cabo a xestión, control e seguimento das accións formativas reguladas nesta orde.

Da comunicación desta información ao alumnado deberá quedar a constancia escrita á que se refire o artigo 22.5.c) desta orde.

### **Artigo 25. Dereitos e deberes do alumnado**

1. A formación será de balde para todo o alumnado participante nas accións formativas realizadas ao abeiro desta orde.

2. Nas ofertas do grao C, as persoas que xa teñan cursado con aproveitamento algún módulo profesional dos que integran a oferta, non poderán volver a realizalo sempre que o mesmo sexa acreditable para os efectos da obtención do certificado profesional.

3. O alumnado desempleado que cumpra os requisitos establecidos pola correspondente normativa reguladora, terá dereito a percibir as axudas ou bolsas que se establezan pola Consellería de Emprego, Comercio e Emigración para as persoas traballadoras desempregadas que participen en accións formativas de formación profesional para o emprego (procedemento TR301V).

Para estes efectos, terá dereito á percepción de bolsas e axudas o alumnado que teña iniciado e pendente de resolución un proceso de homologación de títulos e estudos estranxeiros.

4. O alumnado que resulte seleccionado para unha acción formativa regulada por esta orde non poderá asistir simultaneamente a ningunha outra subvencionada con fondos públicos.

Será excepción a este criterio a asistencia a cursos de formación non formal; suposto no que poderá asistir simultaneamente até un máximo de 2 accións formativas, sempre que exista compatibilidade horaria entre ambas actividades, que o total de horas de formación non supere o límite máximo de 8 diarias e 40 semanais, e que a convocatoria de programación de formación non formal permita dita simultaneidade.

As persoas alumnas non poderán causar baixa nunha acción formativa financiada dentro desta programación para acceder a outra diferente financiada con fondos públicos, agás autorización expresa previa da Subdirección Xeral de Formación e Cualificación para o Emprego e por causas excepcionais debidamente xustificadas.

5. O alumnado participante terá a obriga de:

- Asistir e seguir con aproveitamento a acción formativa.
- Rexistrar a súa asistencia e seguimento da acción formativa mediante o uso daqueles sistemas de control de asistencia establecidos nesta orde e que, a tales efectos, aplique a empresa ou entidade formadora.
- Facilitar, segundo o disposto no artigo 22 desta orde, e nos prazos que nela se establecen, a documentación que lle ten que ser requirida pola empresa ou entidade de formación.
- Responder ao formulario da enquisa de avaliación da calidade da acción formativa que se lle remitirá por vía telemática ao remate da actividade formativa, ou, de ser o caso, se lle entregará en soporte de papel para a súa cobertura.

6. As alumnas e alumnos deberán ser dados de baixa nunha acción formativa cando se dea algunha das seguintes causas:

a) Incumprimento dos requisitos exixidos para poder realizar a acción formativa. Será excepción a este criterio o establecido no artigo 23.22 desta orde.

b) Por incumprimentos horarios ou de asistencia:

- I. Incurrir nun número de faltas de asistencia superior ao 25% das horas lectivas, sexan estas xustificadas ou non. Para estes efectos computaranse como faltas de asistencias tanto as ausencias a unha xornada como os tempos de incumprimento horarios.

Entenderase por incumprimento horario cando, sen causa xustificada, a suma dos minutos de atraso na hora de entrada e dos de antelación na saída en

relación co horario oficial establecido, así como das ausencias durante parte das horas lectivas, sexa superior a 15:00 minutos por cada día lectivo.

Terá a consideración de falta de asistencia a ausencia por un período de tempo superior ao 50 % da duración da sesión formativa, entendida esta como o período de tempo continuado que se corresponde cunha hora de entrada e a súa correspondente hora de saída.

II. Incurrir en máis de tres faltas de asistencia non xustificadas ao mes.

III. Incurrir en sete incumprimentos horarios nun mes, sen xustificación.

Terán a consideración de faltas xustificadas as seguintes:

- Enfermidade ou accidente acreditados.
- Consulta médica propia ou de familiares ata o primeiro grao ou persoas ao seu cargo.
- Nacemento de fillo ou filla e supostos de acollemento ou adopción.
- Falecemento, accidente ou enfermidade grave dun familiar ata o segundo grao.
- Asistencia a exames finais e outras probas de aptitude, de carácter oficial.
- Citación administrativa ou xudicial.
- Permiso por violencia de xénero.
- As actividades vinculadas coa conciliación familiar por coidado de filllos/as e/ou persoas acollidas menores de 12 anos ou de familiares dependentes até o segundo grao ao cargo da persoa alumna, sempre que resulte acreditada debidamente tanto a causa como o vínculo familiar nos termos da normativa aplicable.
- Entrevista de traballo, polo tempo indispensable para a súa realización.

A xustificación dos incumprimentos horarios ou das faltas de asistencia deberá facerse mediante documentos ou calquera outro medio que acredite de modo fidedigno o motivo. As persoas alumnas disporán dun prazo de cinco días lectivos para presentar

os xustificantes; unha vez transcorrido este prazo sen que os presentasen, o incumprimento horario ou a falta de asistencia será considerada como sen xustificar.

A entidade de formación deberá facer efectiva a baixa da persoa participante o día lectivo seguinte a aquel en que o incumprimento dun alumno ou alumna se corresponda con algún dos supostos referidos nos apartados a) ou b).

7. Serán motivos de expulsión da acción formativa por causas disciplinarias os seguintes:

- I. Atentar contra os dereitos das persoas alumnas, do persoal docente ou da entidade formadora.
- II. A falta de aproveitamento da acción formativa ou mostrar un comportamento indebido que dificulte ou obstaculice o seu normal desenvolvemento.
- III. Negarse a efectuar os controis de asistencia que procedan.
- IV. A utilización dun código QR ou dun DNI-e por unha persoa distinta á titular do código ou do documento identificativo, ou a existencia de irregularidades na sinatura dos partes de firma. Este criterio será de aplicación á persoa ou persoas infractoras.
- V. Non entregar a documentación necesaria requirida pola entidade formadora ou a unidade administrativa correspondente para dar cumprimento á normativa aplicable.
- VI. Non cumprir nin respectar as medidas de seguridade e saúde establecidas polas autoridades competentes para facer fronte, de ser o caso, a emerxencias sanitarias, así como as debidas normas de hixiene e salubridade.
- VII. Simultanear, coas excepcións establecidas nesta orde, accións formativas de formación profesional para o emprego. Neste caso, a exclusión aplicarase ás accións formativas ás que se houbera incorporado máis recentemente a persoa alumna.

O procedemento a seguir para dilucidar se procede a exclusión será o seguinte:

- O proceso iniciárase mediante solicitude debidamente motivada presentada pola beneficiaria.
- No prazo de 5 días hábiles dende a presentación da solicitude, a persoa proposta para exclusión será obxecto de audiencia polo órgano instrutor, o Servizo de Formación e Cualificación para o Emprego da provincia en que teña lugar a acción formativa, logo da cal esta unidade formulará a súa proposta de resolución.
- A resolución corresponderá á persoa titular da Dirección Xeral de Formación e Cualificación para o Emprego.
- Durante a tramitación do procedemento a persoa alumna que o motiva poderá ser suspendida de asistencia á acción formativa até a notificación da resolución definitiva mediante resolución motivada emitida polo órgano competente. Contra esta resolución, que non pon fin á vía administrativa, as persoas interesadas poderán interpoñer recurso de alzada.

As persoas alumnas que resulten expulsadas por causas disciplinarias dunha acción formativa non poderán ser seleccionadas para ningunha outra acción formativa que se imparta ao abeiro da convocatoria do procedemento TR301P en que resultaron excluídas

## **Capítulo V**

### **Execución das accións formativas**

#### **Artigo 26. Accións formativas**

1. Para os efectos desta norma enténdese por acción formativa a dirixida á adquisición e mellora das competencias e capacidades profesionais necesarias para o desempeño dos postos de traballo obxecto da contratación.

A acción formativa está constituída polo contido específico da especialidade formativa incluída no Catálogo de Especialidades Formativas no marco do Sistema de formación profesional para o emprego no ámbito laboral, e polos módulos transversais aos que se

refire esta orde así como os reais decretos que regulan as accións formativas do Sistema de Formación Profesional (Graos A, B ou C).

De autorizar a convocatoria itinerarios formativos, unha única acción formativa poderá incluír máis dunha especialidade formativa.

2. Todas as especialidades formativas que se impartan dentro da programación de formación para o emprego deberán estar incluídas no Sistema de Formación Profesional (Graos A, B ou C) ou no Catálogo de Especialidades Formativas no marco do Sistema de formación profesional para o emprego no ámbito laboral, regulado pola Orde TMS/283/2019, do 12 de marzo, e o seu programa, duración, contidos e requisitos serán os establecidos nel, e comprenderán as especificacións técnico-docentes e o contido formativo establecido de acordo co seu nivel e grao de dificultade.

As especialidades formativas programaranse completas.

No suposto de que a especialidade a impartir non estea dada de alta no Catálogo de Especialidades Formativas, a empresa solicitante deberá, de acordo co disposto no artigo 9.1.h), elaborar un programa formativo que presentará xunto coa solicitude de subvención para os efectos de que dende a Subdirección Xeral de Formación para o Emprego se realice a tramitación necesaria para a súa alta no Catálogo de Especialidades Formativas.

3. As accións formativas impartiranse na modalidade e de acordo cos criterios establecidos no artigo 27 desta orde.

4. As accións formativas poderán impartirse en xornadas de mañá, tarde ou mañá e tarde, non estando permitida a súa realización en horario nocturno. Para estes efectos, enténdese como horario nocturno o período de tempo comprendido entre as 22.00 e as 6.00 horas.

As sesións de formación non poderán superar as 8 horas por día e as 40 horas semanais e deberá cumprirse o descanso mínimo de 12 horas a contar dende o remate dunha sesión formativa e o comezo da seguinte.

Salvo autorización da Subdirección Xeral de Formación para o Emprego outorgada a través do aplicativo informático SIFO e previa solicitude da empresa beneficiaria, presentada cunha antelación mínima de 3 días hábiles en relación coa data en que serán de aplicación os cambios solicitados, as datas e horarios das accións formativas non poderán ser obxecto de modificación respecto do indicado no anexo II ou, de ser o caso, do autorizado posteriormente como consecuencia doutras solicitudes de cambio presentadas.

5. Con carácter excepcional e logo da solicitude da empresa beneficiaria debidamente xustificada mediante memoria explicativa da necesidade, a Dirección Xeral de Formación e Cualificación para o Emprego poderá autorizar a realización de accións formativas que, total ou parcialmente, se impartan dentro do horario nocturno establecido no apartado 4 deste artigo.

6. As convocatorias que se realicen ao abeiro das presentes bases reguladoras establecerán o intervalo de datas autorizado para o comezo e remate das accións formativas.

7. Todas as accións formativas deberán incluír as evidencias necesarias que permitan comprobar os resultados da aprendizaxe. A avaliación terá un carácter teórico-práctico e realizarase, sen prexuízo dun maior número de controis que pode establecer o programa formativo de cada especialidade ou esta orde, de forma sistemática e continua durante o desenvolvemento de cada módulo e ao final do curso.

8. Non poderá comezar ningunha acción formativa que non conte coa validación previa do persoal técnico da unidade administrativa competente, a través da aplicación informática SIFO.

## **Artigo 27. Modalidades de impartición**

1. As accións formativas obxecto de financiamento por esta orde deberán impartirse na modalidade presencial.

2. Se así se dispón na correspondente convocatoria poderá autorizarse o uso de aula virtual. A autorización incluírá os criterios e requisitos para o seu uso.

3. Os módulos transversais poderán, agás que na propia convocatoria se establezan límites a este criterio , impartirse na modalidade de teleformación.

### **Artigo 28. Difusión das accións formativas**

As entidades beneficiarias poderán realizar actividades de difusión e promoción das accións formativas previas á selección do alumnado naqueles medios e canles que consideren convenientes. A difusión garantirá a transmisión dunha imaxe igualitaria, plural e non estereotipada das mulleres e dos homes, e do uso dunha linguaxe non sexista.

Nestes anuncios farase constar necesariamente o carácter público do financiamento da actividade subvencionada, e se incluírá neles o emblema da Xunta de Galicia e o dos organismos que financian a formación.

No anuncio, que deberá estar redactado en lingua galega, sen prexuízo de que, así mesmo, se acompañe a publicación noutros idiomas, deberá especificarse como mínimo:

- A entidade ou empresa beneficiaria, con indicación do teléfono e/ou correo-e de contacto.
- As prazas existentes e o carácter gratuíto da formación.
- A acción formativa de que se trata, con indicación do código e denominación da especialidade formativa, o número de horas, a modalidade de impartición e a data prevista de inicio e remate.
- O perfil requirido ao alumnado.
- O compromiso de contratación asumido, con indicación da porcentaxe de persoas a contratar en relación co alumnado aprobado e/ou formado.
- Os concellos en que se localizarán os postos de traballo obxecto de contratación.
- Se a acción formativa pertence ao Catálogo do SEPE ou se se refire a accións formativas conducentes a certificados profesionais.

## **Artigo 29. Persoas destinatarias da formación e definición de persoa alumna**

1. As accións formativas obxecto de financiamento dirixiranse ás persoas traballadoras desempregadas. Para tal efecto, a consideración de persoa desempregada virá determinada pola súa inscrición como demandante no Servizo Público de Emprego de Galicia e a súa situación laboral como non ocupada, na data de validación da acta de selección polas oficinas de emprego.

Non será precisa a inscrición como demandante de emprego cando unha norma específica así o determine e, en particular, no suposto de persoas mozas inscritas no ficheiro do Sistema nacional de garantía xuvenil.

2. Se durante o desenvolvemento da acción formativa algunha persoa alumna cambia a súa situación laboral a ocupada, poderá continuar asistindo á acción formativa sempre que haxa compatibilidade entre o horario formativo e o laboral de maneira que lle permita cumprir os requisitos de asistencia e rematar con aproveitamento o curso.

Caso de que a contratación durante o período de desenvolvemento da acción formativa a formalice a beneficiaria da subvención ou algunha das empresas nas que terá lugar a posterior contratación obxecto do compromiso, esta circunstancia non impedirá que, finalizada a acción formativa, a persoa alumna manteña, de ter a consideración de aprobada e/ou formada, os seus dereitos a ser contratada por ter realizado o curso.

3. Previa conformidade da beneficiaria da subvención, poderán participar nas accións formativas as persoas demandantes de servizos previos ao emprego, nos termos que establezan os instrumentos de coordinación do Sistema Nacional de Emprego.

A participación na acción formativa de persoas incluídas neste colectivo non suporá ningunha minoración do compromiso de contratación asumido.

4. Terán a condición de persoas alumnas, as que cumpran os requisitos de acceso á acción formativa correspondente e fosen seleccionadas a través dun procedemento realizado de conformidade ao establecido na presente orde.

## **Artigo 30. Selección do alumnado**

1. As entidades beneficiarias poderán empregar para a selección das persoas traballadoras desempregadas o método de selección directa ou o método de selección a través de oficina de emprego. Ambos métodos poderán aplicarse de xeito sucesivo pero non simultáneo.

2. As entidades beneficiarias que se acollan ao seu dereito de selección directa do alumnado desempregado deberán remitir a acta de selección á oficina de emprego competente para a súa validación. A selección das persoas destinatarias da formación deberá axustarse aos requisitos de participación establecidos nesta orde.

De acollerse ao dereito á selección directa do alumnado, as entidades priorizarán na participación nos correspondentes procesos selectivos ás persoas traballadoras desempregadas que exerzan o seu dereito de elección de centro a través do portal de emprego da Consellería de Emprego, Comercio e Emigración, <https://emprego.xunta.es/diplos>, ou a través da rede de oficinas do Servizo Público de Emprego de Galicia.

3. Se as entidades beneficiarias non elixen o procedemento de selección directa do alumnado, ou ben escolléndoo non acadaran o número mínimo de participantes, deberán efectuar os seguintes trámites:

a) Con 15 días naturais de antelación á realización da proba de selección, as entidades beneficiarias solicitarán directamente á oficina de emprego que corresponda e mediante o impreso normalizado establecido para o efecto, unha listaxe de persoas que cumprindo o disposto nesta orde para ser destinatarias da formación se adecúen, en base aos requisitos de acceso, ao perfil requirido para a realización da acción formativa.

A beneficiaria, ao ter adquirido un compromiso de contratación ligado á impartición da acción formativa, poderá solicitar especificamente á oficina de emprego que non se inclúan na listaxe persoas demandantes de servizos previos ao emprego.

b) A oficina de emprego, mediante sondaxe entre as persoas demandantes inscritas no Servizo Público de Emprego de Galicia, seleccionará 2 persoas por praza vacante en cada acción formativa e convocará, mediante calquera medio que, de conformidade coa

Lei 39/2015, do 1 de outubro, do procedemento administrativo común das administracións públicas, acredite a súa recepción, ás persoas demandantes preseleccionadas para que asistan á proba de selección a realizar pola entidade formadora, que deberá ser visada previamente pola oficina de emprego.

Os órganos competentes da Consellería de Emprego, Comercio e Emigración poderán acceder ás bases de datos das administracións públicas para comprobar a situación laboral das persoas traballadoras a efectos da súa selección para asistir á acción formativa.

c) Remitida a listaxe das persoas preseleccionadas á entidade solicitante, esta procederá á selección do alumnado mediante a realización das probas que estime pertinentes e de conformidade cos criterios predeterminados na solicitude, que deberán poñerse en coñecemento das persoas candidatas antes da súa realización.

Do proceso de selección e do seu resultado levantarase a correspondente acta no modelo normalizado establecido para tal efecto.

Na realización das probas de selección poderá estar presente unha persoa representante da Consellería de Emprego, Comercio e Emigración.

d) As persoas demandantes propostas pola oficina de emprego só poderán ser rexeitadas para a realización da acción formativa cando concorran causas xustificadas que así o determinen e sexan perfectamente acreditadas pola beneficiaria, e, en todo caso, cando incumpran os requisitos para participar na correspondente especialidade formativa.

e) No caso de que ningunha persoa demandante proposta pola oficina de emprego superase as anteditas probas, ou que transcorresen 15 días naturais dende que se realizou a petición de persoas candidatas por parte da entidade beneficiaria sen que a oficina de emprego remitise persoas demandantes de emprego, ou que as persoas demandantes enviadas, xunto con aquelas outras pertencentes a outros colectivos cuxa participación se permite nesta orde de bases, sexan insuficientes, a oficina de emprego deberá tentar novas sondaxes entre persoas demandantes de emprego

inscritas no Servizo Público de Emprego, que non respondan aos criterios que empregou na sondaxe inicial e entre os que poderán incluírse:

- Sondar por estudos cursados, ocupación ou experiencia profesional afíns, relacionados coa especialidade a impartir.
- Aumentar o ámbito xeográfico da sondaxe.

4. Se a pesar do anterior, non se cobren as prazas, a entidade beneficiaria poderá realizar a correspondente convocatoria pública a través daqueles medios de comunicación e canles que consideren convenientes ou optar pola selección directa, previa comunicación á oficina de emprego.

Os anuncios da convocatoria pública poderán efectuarse por calquera medio de comunicación (prensa escrita, carteis, folletos, internet, correo electrónico, telefonía, redes sociais, radio, televisión e medios de comunicación análogos aos anteriores). Neles aplicaranse os criterios e deberá facerse constar a información relacionada no artigo 28 desta orde, relativo á difusión das accións formativas, con indicación expresa do enderezo do lugar de realización das probas de selección, así como a data e a hora en que estas terán lugar e un teléfono e/ou correo-e de contacto.

5. Do resultado do proceso de selección darase conta á oficina de emprego encargada da preselección do alumnado, con independencia do tipo de metodoloxía de selección empregado, coa finalidade de que o persoal técnico desa oficina ou do servizo territorial de que dependa poida validar a acta de selección no prazo máximo de 5 días naturais dende a recepción do documento.

A validación da acta de selección supón un requisito previo e imprescindible para que poida comezar a acción formativa, polo que a comunicación á oficina de emprego deberá realizarse previamente á data de inicio da actividade.

6. Cando se seleccionen ou inicien unha acción formativa persoas que non cumpren os requisitos exixibles para participar en dita actividade de formación, deberá procederse á súa inmediata baixa como alumnas.

Será excepción a este criterio o disposto no artigo 24.22 desta orde en relación con aquelas persoas que teñan iniciado e pendente de resolución un proceso de homologación de títulos e estudos estranxeiros.

7. As persoas que realizen unha acción formativa e teñan dereito a diploma non poderán volver a realizar outra acción formativa na que se imparta a mesma especialidade. No caso de detectarse esta circunstancia, deberán ser dadas inmediatamente de baixa.

Ademais, neste suposto o alumnado correspondente non terá dereito a percibir ningunha das bolsas e axudas que se financian no marco do procedemento TR301V.

Exceptúanse do anterior aqueles supostos en que exista normativa específica que obrigue á reciclaxe formativa dun determinado colectivo e así o acredite a entidade ou centro de formación.

As persoas candidatas a asistir á formación deberán ser informadas do disposto neste apartado no momento de realización do proceso de selección, debendo quedar constancia documental de que recibiron esta información.

### **Artigo 31. Aforo, incorporacións e suspensións**

1. Cada convocatoria establecerá o número máximo de participantes que poderá participar nunha acción formativa, así como, de ser o caso, o número mínimo de persoas alumnas necesarias para poder iniciar a acción formativa.

2. En ningún caso o número de alumnas e alumnos participantes nunha acción formativa poderá ser superior ao do alumnado orzado.

3. No suposto de que unha acción formativa inicie cun número de persoas alumnas inferior ao autorizado na resolución de concesión de subvención, ou no caso de que non se incorpore o alumnado seleccionado ou se produzan abandonos, poderán incorporarse outras persoas á formación en lugar daquelas sempre que non se superase o 25% da duración da especialidade formativa e que, a xuízo das persoas responsables da entidade de formación, as persoas que se incorporen poidan, unha vez

superadas as probas de nivel correspondentes, seguir as clases con aproveitamento e non dificulten a aprendizaxe do grupo inicial.

Cando se programen certificados profesionais completos a impartir de forma modular, oferta do grao C, co fin de facilitar o acceso a cada un dos módulos que integran o certificado, poderanse incorporar persoas alumnas dende o inicio de cada un dos módulos programados e sempre que non se superase o 25% da súa duración.

4. Sen prexuízo do disposto no apartado anterior, as convocatorias poderán establecer un número mínimo de participantes para poder iniciar unha acción formativa.

5. Cada nova alta ou baixa de alumnado que se produza na acción formativa deberá ser actualizada no sistema informático SIFO e comunicada á oficina de emprego correspondente no prazo de 3 días hábiles dende que esta teña lugar.

### **Artigo 32. Módulos formativos transversais**

1. O artigo 115 da Lei 7/2023, do 30 de novembro, para a igualdade efectiva de mulleres e homes de Galicia, establece a obriga de integrar a perspectiva de xénero nos programas de formación da consellería competente en materia de emprego.

En todas as accións formativas subvencionadas ao abeiro da presente orde, será obrigatoria a impartición do módulo transversal de Inserción laboral, sensibilización ambiental e na igualdade de xénero (FCOO03), de 10 horas de duración, das cales cando menos 2 horas deberán referirse á igualdade de xénero, vencellada coa igualdade de oportunidades entre homes e mulleres e corresponsabilidade familiar e doméstica.

Asi mesmo, as entidades deberán impartir obrigatoriamente un módulo formativo sobre igualdade de oportunidades entre mulleres e homes e sobre corresponsabilidade familiar e doméstica, cunha duración de 3 horas nos cursos de duración menor ou igual a 50 horas (FCOXXX23), e de 8 horas nos cursos de duración superior a 50 horas (FCOXXX24).

A formación en materia de igualdade consecuencia da impartición, segundo o caso, dos módulos FCOO03 e FCOXXX23, ou FCOO03 e FCOXXX24, incluírá obrigatoriamente un mínimo de 5 horas (2+3) naquelas accións formativas en que se impartan

especialidades formativas de duración menor ou igual a 50 horas, e un mínimo de 10 horas (2+8) para aquelas especialidades que superen a dita duración.

A formación non terá unha cualificación numérica e quedará reflectida como "superada" ou "non superada", sendo requisito a realización dunha proba final de aptitude.

2. As alumnas e alumnos que acrediten documentalmente ter realizado formación en materia de igualdade de xénero e igualdade de oportunidades entre homes e mulleres e corresponsabilidade familiar e doméstica quedarán exentas/os de realizar os módulos transversais FCOXXX23 ou FCOXXX24 sempre que a formación recibida fose impartida ou homologada por un organismo oficial, que os contidos impartidos se axusten aos contidos do módulo transversal e que o número de horas da formación recibida sexa igual ou superior ás horas de formación do módulo que se vai eximir.

No suposto de que non exista constancia na aplicación informática SIFO da súa realización, as persoas interesadas deberán acreditar a mesma para os efectos de non volver a cursala.

3. En todas aquelas accións formativas que inclúan formación en empresa deberá garantirse que o alumnado teña cursado previamente a formación correspondente para acadar as competencias necesarias para o desempeño das funcións de nivel básico en Prevención de Riscos Laborais establecidas no artigo 35 do Real Decreto 39/1997, do 17 de xaneiro, polo que se aproba o Regulamento dos Servizos de Prevención (RSP).

A estes efectos será obrigatoria a realización dun módulo formativo básico en materia de prevención de riscos laborais cun mínimo de 60 horas (código FCOXXX26), en todas aquelas ofertas formativas que inclúan formación en empresa. Non será necesario realizar este curso no suposto en que os propios contidos da oferta formativa, impartidos de acordo cos criterios establecidos no primeiro parágrafo deste apartado, xa inclúan a realización de formación nesta materia. Esta formación será impartida tendo en conta unha perspectiva de xénero.

4. Naquelas accións formativas en que deba impartirse o módulo formativo FCOXXX26 por non estar incluído no contido da oferta de formación, será necesario, para acreditar

dispor das competencias relativas á prevención de riscos laborais, superar unha proba final de aptitude de carácter presencial.

Sen prexuízo do disposto no apartado 6 deste artigo, para poder presentarse á proba de avaliación final de aptitude, a persoa alumna deberá xustificar unha asistencia ao módulo de, cando menos, o 75 % das súas horas totais na modalidade presencial ou, con independencia das horas de conexión, ter realizado un 75 % das actividades de aprendizaxe en teleformación e superado, polo menos, o 70 %.

Naqueles sectores ou actividades cuxo respectivo convenio colectivo regule a formación en prevención de riscos laborais de nivel básico, o curso de prevención de riscos laborais deberá impartirse de acordo co indicado nel.

O alumnado que xustifique documentalmente estar en posesión dun diploma oficial que acredite formación en materia de prevención de riscos laborais de 60 horas, ou do diploma de técnico intermedio ou superior de riscos laborais, estará, de ser o caso, exento de realizar o módulo de prevención de riscos laborais.

Poderán volver realizar este curso aquelas persoas que xa o efectuasen con anterioridade e sempre e cando o módulo realizado previamente non garanta estar en posesión do nivel de coñecementos necesarios para desempeñar as funcións de nivel básico en prevención de riscos laborais ou non se corresponda coa formación requirida para a actividade profesional ou económica vencellada cos contidos da oferta formativa impartida.

5. Os módulos formativos transversais poderán, con carácter xeral, impartirse nas modalidades presencial ou virtual. Neste caso seralles de aplicación para a determinación do importe da subvención o módulo económico establecido no artigo 41 desta orde.

A modalidade de impartición dos módulos formativos transversais non poderá ser obxecto de modificación con respecto á establecida na resolución de concesión da subvención.

6. Serán excepción ao disposto no parágrafo primeiro do apartado 5, as ofertas formativas das especialidades relacionadas na columna "Obriga de impartir en presencial o módulo de prevención de riscos laborais", do anexo III, que deberán impartir o módulo de prevención na modalidade presencial, sen que estea permitido o uso de aula virtual.

Nas especialidades incluídas na citada columna do anexo III requirirase, para poder presentarse á proba de avaliación final do módulo de prevención de riscos, a asistencia por parte do alumnado á totalidade das sesións presenciais da formación. No caso de que unha persoa alumna non poida asistir a algunha sesión presencial, esta sesión poderá, con anterioridade á data de remate da acción formativa, impartirse nunha segunda ocasión. O número máximo de sesións que unha persoa poderá repetir será de dúas.

7. A impartición dos módulos formativos transversais en materia de igualdade poderá realizarse en calquera momento dentro do intervalo de datas da acción formativa, agás ao inicio da mesma. A formación en materia de prevención de riscos laborais deberá impartirse con carácter previo á formación en empresa.

Non poderá simultanearse a impartición dos contidos específicos dos módulos transversais cos contidos propios do programa formativo da especialidade. Neste senso, os módulos transversais poderán desenvolverse tanto ao remate da acción formativa como no período que vai desde o remate dun módulo profesional, no seu caso, ata o comezo do seguinte.

8. A posibilidade de contratación do alumnado para os efectos de que a entidade beneficiaria cumpra co seu compromiso de contratación non estará supeditada a que o alumnado realice ou supere os módulos a que se refire este artigo, salvo o que se refire ao módulo de prevención de riscos laborais.

### **Artigo 33. Seguimento das accións formativas**

1. Para verificar o cumprimento do disposto nesta orde, os departamentos territoriais da Consellería de Emprego, Comercio e Emigración aplicarán un sistema de seguimento e control, que incluírá, entre outras actuacións, visitas presenciais.

Durante as visitas poderán solicitarse ás entidades as evidencias físicas relativas á actividade formativa que se consideren oportunas, recoller testemuños do alumnado sobre o desenvolvemento da acción formativa e tomar imaxes fotográficas do material, equipamento e instalacións necesarias para impartir a formación.

De ser o caso, as citadas actuacións de seguimento e control poderán ser realizadas por unha entidade, pública ou privada, se así se lle encomenda a través do instrumento xurídico correspondente.

2. As entidades impartidoras deberán pór a disposición dos departamentos territoriais ou, de ser o caso, da unidade administrativa ou da entidade pública ou privada que corresponda, xunto co resto da documentación exixida nesta orde e utilizando a tales efectos o aplicativo informático SIFO, a folla de control de asistencia debidamente asinada polas persoas técnicas de seguimento que visiten a acción formativa.

No caso de que non coincida a folla de control de asistencia que conste en poder das persoas técnicas coa remitida posteriormente polas entidades, presumirase a veracidade da primeira.

A beneficiaria deberá colaborar con estas actuacións de xeito dilixente e achegando, a tal efecto, canta documentación lle fora requirida.

3. Cando nunha acción formativa se detecte a existencia de irregularidades ou deficiencias que non puidesen ser emendadas no prazo concedido para o efecto e que impidan o normal desenvolvemento da actividade ou incidan negativamente na súa calidade docente, poderá procederse a súa cancelación previa resolución motivada do órgano competente para a súa concesión.

#### **Artigo 34. Formación en empresa**

1. A impartición da formación en empresa axustarase aos requisitos establecidos na Lei Orgánica 3/2022, do 31 de marzo, de ordenación e integración da Formación

Profesional; no Real Decreto 659/2023, do 18 de xullo, polo que se desenvolve a ordenación do Sistema de Formación Profesional, modificado polo Real Decreto 658/2024, do 9 de xullo, e ao estipulado na normativa vixente reguladora de cada certificado profesional.

2. Os certificados profesionais correspondentes á oferta de grao C terán carácter dual e incluírán como parte integrada no currículo previsto en cada oferta formativa un período de formación en empresa no que se desenvolverá un conxunto de actividades dirixidas a completar e reforzar os resultados de aprendizaxe previstos.

3. Cando un centro de formación propoña a totalidade dos graos B que compoñen un grao C, estará obrigado a contemplar na oferta a realización dun período de formación en empresa ou organismo equiparado de 80 horas para aquelas persoas en formación que estivesen interesadas en obter un grao C por acumulación de graos B.

4. A formación en empresa ou organismo equiparado terá sempre natureza formativa e non laboral, sen prexuízo daquelas normas do ámbito laboral que lle sexan de aplicación.

A súa consideración será a de formación curricular. En ningún caso terá a consideración de prácticas nin suporá a substitución de funcións que corresponden a un traballador ou traballadora.

5. Quedará exento do período de formación en empresa quen acredite unha experiencia laboral que se corresponda coa formación cursada. A exención realizarase nos termos previstos nos artigos 131, 161 e 177 do Real Decreto 659/2023, do 18 de xullo, polo que se desenvolve a ordenación do Sistema de Formación Profesional, modificado polo Real Decreto 658/2024, do 9 de xullo.

6. A formación en empresa deberá desenvolverse en centros de traballo cuxa actividade estea vencellada cos contidos do certificado profesional impartido, previa subscripción dun acordo entre a empresa e a entidade de formación, de acordo cos requisitos do programa e respectando a súa duración. O acordo, que deberá ser posto en coñecemento da persoa que realiza a formación na empresa, especificará os seguintes apartados:

- O seu contido.
- O réxime en que terá lugar a formación en empresa.
- A súa duración, lugar de realización e horario.
- Os criterios de adxudicación de empresa e condicións.
- O sistema de titorías para o seu seguimento e a avaliación dos resultados.

A asignación da estancia en empresa realizarase con transparencia e obxectividade. Os centros recollerán as solicitudes de cada persoa alumna con indicación da preferencia de empresas nas que realizar a formación.

A formación, para a adquisición de resultados de aprendizaxe diferentes, poderá realizarse nunha ou en varias empresas ou centros de traballo que se complementen entre si.

7. A formación en empresa poderá iniciarse e distribuírse, de xeito que as persoas en formación podan iniciar o contacto coa empresa, a partir dos 3 primeiros meses dende o inicio da formación.

Previa autorización do departamento territorial competente, unha vez acreditada pola entidade de formación tanto a viabilidade da súa impartición simultánea como que a normativa específica do sector o permite, poderá desenvolverse simultaneamente coa impartición dos outros módulos profesionais. A suma das horas diarias correspondentes ao módulo profesional e as relativas á formación en empresa non poderá ser superior a 8 horas diarias e 40 semanais.

8. A formación en empresa deberá iniciarse a máis tardar nun prazo non superior a 4 meses dende o remate do último módulo profesional da acción formativa. Para determinados certificados profesionais que, pola súa natureza, presenten dificultades para o cumprimento do antedito prazo, poderáselle solicitar ao departamento territorial competente unha autorización para a súa ampliación.

A formación en empresa deberá realizarse dentro do prazo de execución da acción formativa e, sen prexuízo do disposto no artigo 9.8 do Real Decreto 659/2023, do 18 de xullo, será presencial.

9. Os gastos que deriven da súa realización deberán imputarse ao orzamento da acción formativa na que están incluídas.

10. As persoas que inicien a súa formación en empresa deberán ter cumprido os 16 anos e haber adquirido as competencias relativas aos riscos específicos e as medidas de prevención de riscos laborais nas actividades profesionais correspondentes ao perfil profesional, segundo se requira na normativa vixente en materia de prevención de riscos laborais.

11. Cada persoa en formación disporá dun plan de formación que incluírá os elementos recollidos no anexo XVII do Real Decreto 659/2023, do 18 de xullo.

12. En cada centro de formación existirá a figura do titor ou titora dual do centro, alo menos para cada unha das familias profesionais que nel se impartan, que desenvolverá a súa tarefa con cada persoa en formación en estreita colaboración co titor ou titora dual da ou das empresas.

Serán funcións do titor ou titora do centro as recollidas no artigo 60 da Lei Orgánica 3/2022, do 31 de marzo, de ordenación e integración da Formación Profesional, e no Real Decreto 659/2023, do 18 de xullo.

13. En cada centro de traballo existirá a figura do titor ou titora dual da empresa, que será responsable da relación e coordinación co centro de formación e do axeitado funcionamento da formación profesional na empresa.

Serán funcións do titor ou titora da empresa as recollidas no artigo 61 da Lei Orgánica 3/2022, do 31 de marzo, de ordenación e integración da Formación Profesional, e no artigo 162 do Real Decreto 659/2023, do 18 de xullo.

14. Con 10 días hábiles de antelación á data prevista para o inicio da formación en empresa, o centro de formación presentará a correspondente comunicación ao

departamento territorial competente, a través do aplicativo SIFO, á que deberá xuntar a seguinte documentación:

- a) Datas de inicio e fin, lugar de realización, horario e duración.
- b) Convenio ou acordo suscrito coa empresa ou empresas en que se realizará a formación en empresa, asinado polo representante legal da empresa e o representante legal da entidade de formación, con indicación das tarefas a desenvolver polo alumnado, as cales deberán completar e reforzar os resultados de aprendizaxe e os contidos correspondentes ao programa do certificado profesional impartido.

O acordo ou convenio seguirá o modelo recollido no anexo XVI do Real Decreto 659/2023, do 18 de xullo.

- c) Sistema de titorías para o seu seguimento e avaliación da formación.
- d) Documento que acredite a vixencia do seguro de accidentes do alumnado que cubra os riscos da formación. Deberá incluír os riscos do traxecto ao lugar de realización das prácticas e contraerase estritamente durante o período de duración da formación en empresa.
- e) Documento que acredite a contratación por parte da entidade de formación dunha póliza de responsabilidade civil para facer fronte aos riscos que para os bens e as persoas poidan derivar da realización da formación en empresa. Non se admitirán pólizas con franquías.
- f) Declaración responsable da persoa representante legal da empresa na que terá lugar a formación en que se indique:
  - Que se dispón de comunicación previa ou licenza municipal de apertura da actividade de que se trate ou, na súa falta, que faga constar a idoneidade dos locais de impartición onde se vai desenvolver a formación na empresa, ou calquera outro documento acreditativo da idoneidade dos locais para a realización das prácticas.

- Que a empresa en que se realizará esta formación cumpre coa normativa de prevención de riscos laborais e que proporcionará ao alumnado, cando o posto formativo o requira, os equipos de protección correspondentes.

15. Con anterioridade ao inicio da formación na empresa, a entidade beneficiaria deberá:

a) Introducir no sistema informático SIFO os datos relativos ao alumnado que realizará as prácticas.

b) Pór en coñecemento da Inspección de traballo unha relación do alumnado que vai realizar as prácticas, os nomes da empresa ou empresas en que estas terán lugar, así como as localidades, datas e horario de realización.

16. As empresas en que se realice a formación, informarán á representación legal das persoas traballadoras sobre os acordos de formación subscritos, con indicación do alumnado que vai realizar as prácticas, os postos nos que desenvolverá a formación, o contido da actividade formativa, e as datas e o horario de realización das mesmas.

17. A supervisión da persoa en formación durante as sesións ou períodos de formación na empresa corresponde ao persoal propio desta en calidade de titor ou titora da empresa, e sempre en coordinación co titor ou titora do centro de formación.

O seguimento e a avaliación dos resultados de aprendizaxe serán realizadas de maneira coordinada entre os titores o titoras duais do centro de formación e da empresa.

18. Os centros e entidades de formación deberán comunicar ao departamento territorial competente calquera incidencia que se produza no desenvolvemento da formación en empresa.

19. O alumnado poderá realizar a formación en empresa nun máximo de dúas ocasións no marco dunha oferta formativa.

### **Artigo 35. Avaliación da formación**

1. Nas ofertas do grao A, a avaliación final atenderá á totalidade dos resultados de aprendizaxe. Para poder presentarse á proba de avaliación final de bloque formativo, a

persoa en formación deberá xustificar unha asistencia de, cando menos, o 75% das horas totais do mesmo.

A formación non terá unha cualificación numérica e quedará reflectida como "superada" ou "non superada".

2. Nas ofertas dos graos B e C para poder presentarse á proba de avaliación final dun módulo profesional, a persoa alumna deberá xustificar unha asistencia de, cando menos, o 75% das horas totais do mesmo.

Cada módulo profesional terá unha cualificación numérica, entre 1 e 10, sen decimais, e quedará reflectido como "superado" ou "non superado" xunto á citada cualificación numérica. Consideraranse positivas as puntuacións iguais ou superiores a 5 puntos.

3. As ofertas de grao C contarán con 2 convocatorias por módulo profesional. As ofertas do grao B contarán cunha única convocatoria, agás que, con carácter excepcional e por razóns debidamente xustificadas, o órgano competente autorice unha segunda convocatoria.

4. Nas ofertas do grao C, a cualificación final a consignar no certificado profesional será a media aritmética das cualificacións de todos os módulos expresada con 2 decimais.

5. A avaliación da formación en empresa será realizada polo titor ou titora dual da empresa que valorará como "superado" ou "non superado" cada resultado de aprendizaxe previsto e realizará unha valoración cualitativa da estancia da persoa alumna e as súas competencias profesionais para a empregabilidade. Cando a valoración sexa de "non superado" incluírase unha motivación da mesma.

Para superar a formación en empresa será requisito necesario a asistencia a un mínimo do 75% das horas desta formación incluídas en cada módulo profesional.

6. Os resultados obtidos polo alumnado deberán documentarse de acordo co disposto no artigo 19 e os anexos I e II do Real Decreto 659/2023, do 18 de xullo.

## **Artigo 36. Diplomas**

1. Rematada a acción formativa, dados de alta en SIFO os resultados individuais obtidos polo alumnado nos diferentes controis e probas de avaliación da acción formativa, e previa solicitude da beneficiaria, a Dirección Xeral de Formación e Cualificación para o Emprego procederá a emitir os correspondentes diplomas de acordo cos criterios establecidos nesta orde.

A solicitude dos diplomas, que se realizará no prazo máximo dun mes dende o remate da acción formativa a través do sistema informático SIFO, incluírá unha declaración responsable da beneficiaria manifestando que cada persoa alumna para a que solicita o diploma cumpre cos requisitos exixidos pola normativa vixente para a súa obtención.

2. Para ter dereito ao diploma o alumnado deberá cumprir os requisitos de acceso exixidos para asistir á acción formativa, e finalizar esta con aproveitamento cunha asistencia mínima dun 75 % das horas de duración da especialidade formativa e a superación dunha proba final de aptitude coa cualificación de apta/o. No caso das accións formativas do Sistema de Formación Profesional, Graos A, B e C, deberán superar a formación segundo os criterios establecidos no artigo 35.

No cálculo das porcentaxes de aproveitamento, a efectos de obtención do diploma, non será necesario computar as horas correspondentes aos módulos transversais.

3. A Dirección Xeral de Formación e Cualificación para o Emprego determinará o modelo do diploma a entregar no que en todo caso deberá constar:

- a) Nome, apelidos e DNI ou NIE da alumna ou alumno.
- b) Código e denominación da especialidade formativa, con indicación, nas ofertas correspondentes aos graos A, B e C, do grao e nivel.
- c) Datos da empresa ou entidade que impartiu a formación
- d) Datas de realización da acción formativa e número de horas de impartición.
- e) Modalidade de impartición e, de ser o caso, lugar de impartición.

- f) Nas ofertas correspondentes aos graos A, B e C, de ser o caso, cualificación obtida en cada módulo profesional, con indicación do carácter de "superado" ou "non superado" do módulo.
  - g) De ser o caso dunha oferta do grao A, cualificación da formación como "superada" ou "non superada".
  - h) Nas ofertas dos graos A, B e C o programa formativo impartido
  - i) Nas ofertas non conducentes á obtención dun certificado profesional, os módulos que, de ser o caso, inclúe a especialidade formativa.
  - j) Os logotipos da Consellería da Xunta de Galicia e dos organismos que financien as accións formativas.
  - k) Os módulos de formación transversal impartidos, con indicación da súa duración en horas ou, de ser o caso, da exención da obriga de realizalo.
4. O alumnado que non teña dereito a diploma recibirá, se a solicita, unha certificación polas horas asistidas e os módulos transversais que superase.
5. Tanto a emisión dos diplomas como, de ser o caso, a expedición de certificados polas horas e módulos transversais realizados efectuarase en soporte electrónico.

### **Artigo 37. Avaliación da calidade das accións formativas**

1. Deberase efectuar un seguimento continuo da formación que permita a identificación de áreas de mellora e a elaboración de plans de mellora, detectando debilidades que poidan ser emendadas dentro do período de realización da acción formativa.
- a) En relación ás especialidades formativas do Catálogo do Servizo de Emprego Público Estatal as entidades beneficiarias realizarán e presentarán coa xustificación da subvención, e a través do aplicativo SIFO, un informe final de avaliación da acción formativa desagregado, de ser o caso, por grupos. O informe incluírá cando menos os seguinte indicadores:

- Número total de cuestionarios de avaliación de satisfacción de calidade cumprimentados polo alumnado e porcentaxe respecto do total de persoas formadas en cada acción formativa e/ou grupo.
  - Resultados da avaliación da aprendizaxe do alumnado de cada acción formativa e/ou grupo que incluírá o número e porcentaxe de superado ou non superado sobre o total de persoas formadas.
  - Resultados doutras actuacións de avaliación desenvolvidas no programa de formación.
- b) No caso da impartición de especialidades formativas conducentes a certificados profesionais
- As entidades beneficiarias deberán realizar un seguimento da participación do alumnado, da súa aprendizaxe e avaliación, e realizarán e presentarán coa xustificación da subvención un informe final de avaliación da calidade da acción formativa desagregado, de ser o caso, por grupos.
  - Así mesmo deberán efectuar un seguimento continuo da formación que permita a identificación de áreas de mellora e a elaboración de plans de mellora, detectando debilidades que poidan ser emendadas dentro do período de realización da acción formativa. Estas actuacións, das que deberá quedar constancia da mostra representativa sobre as que se realizaron, deberán estar recollidas no informe final ao que se refire o anterior parágrafo.
  - A Consellería de Emprego, Comercio e Emigración velará pola calidade da formación profesional para o emprego e as entidades e centros de formación colaborarán na avaliación da formación que executen, seguindo as instrucións que para tal fin poderá ditar a Dirección Xeral de Formación e Cualificación para o Emprego, nas que concretará os criterios e posibles indicadores da avaliación e o tamaño da mostra representativa.

3. A Consellería de Emprego, Comercio e Emigración velará pola calidade da formación profesional para o emprego e as entidades e centros de formación colaborarán na avaliación da formación que executen, seguindo as instrucións que para tal fin poderá ditar a Dirección Xeral de Formación e Cualificación para o Emprego, nas que concretarán os criterios e posibles indicadores da avaliación e o tamaño da mostra representativa para avaliar os grupos de formación.

### **Artigo 38. Contratación do alumnado**

1. A contratación comprometida, efectuada de acordo co criterio establecido no artigo 5 da presente orde, realizarase no prazo de 2 meses dende o remate da acción formativa e, en todo caso, dentro do prazo límite que, de ser o caso, se determine para cada convocatoria.

A solicitude da beneficiaria e por causas excepcionais debidamente acreditadas e motivadas, dito prazo poderá ampliarse en 2 meses previa resolución ao respecto da Dirección Xeral de Formación e Cualificación para o Emprego.

2. Non se aboará a liquidación final mentres a empresa non remita as copias dos contratos de traballo que avalen o cumprimento do compromiso de contratación.

3. De non poderse efectuar a contratación comprometida por non existir o suficiente número de persoas alumnas aprobadas ou formadas ao remate da acción formativa, ou por renunciar estas expresamente ao posto de traballo ofertado, a beneficiaria deberá, para os efectos da cobertura dos postos de traballo comprometidos, solicitar á oficina de emprego, mediante a presentación dunha oferta de emprego, unha listaxe de persoas que acrediten unha formación igual ou equivalente á requirida para o correcto desenvolvemento do posto de traballo.

4. De ser o caso, a imposibilidade de facer efectiva a contratación mediante o alumnado aprobado ou o alumnado formado, deberá acreditarse documentalmente ante a Dirección Xeral de Formación e Cualificación para o Emprego.

5. No caso de extinción do contrato de traballo do persoal obxecto do compromiso de contratación con anterioridade á finalización do período exixido nesta orde e polas

causas previstas na normativa laboral vixente, a empresa beneficiaria deberá comunicar esta circunstancia á Dirección Xeral de Formación e Cualificación para o Emprego, con indicación e acreditación documental das causas que orixinaron a extinción e xustificación do inicio do proceso de substitución da persoa que causou baixa, no prazo de 3 días dende que esta tivo lugar.

Para estes efectos atenderase ao seguinte criterio de priorización e actuación:

- 1) Deberase ofertar a cobertura do posto de traballo vacante ao alumnado aprobado que non foi contratado inicialmente.
- 2) No caso de non ser posible a contratación anterior, deberá ofertar a cobertura do posto ao alumnado formado non contratado inicialmente.
- 3) De non se poder realizar a cobertura do posto vacante aplicando os criterios recollidos nos apartados 1) e 2), a entidade beneficiaria deberá solicitar da oficina de emprego, mediante a presentación dunha oferta de emprego, unha listaxe de persoas candidatas que posúa e acredite unha formación igual ou equivalente á que se require para o correcto desenvolvemento do posto de traballo.

6. Excepcionalmente, de non poderse efectuar a contratación comprometida aplicando o criterio establecido nos apartados 3 e 4 deste artigo, a empresa beneficiaria poderá solicitar á Subdirección Xeral de Formación para o Emprego autorización para a selección directa de persoas candidatas, sempre e cando estas acrediten unha formación igual ou equivalente á que se require para o correcto desenvolvemento do posto de traballo.

7. A Dirección Xeral de Formación e Cualificación para o Emprego, a través do persoal que ten adscrito nos servizos centrais e territoriais da Consellería de Emprego, Comercio e Emigración, efectuará as comprobacións que considere necesarias coa finalidade de verificar o efectivo cumprimento do período de duración da contratación realizada.

## **Capítulo VI**

## **Pagamento, xustificación e reintegros**

### **Artigo 39. Pagamento da subvención**

1. Ditada e notificada a resolución de concesión, as entidades, unha vez conste a aceptación tácita ou expresa da subvención e resulte acreditado o inicio da actividade formativa, poderán solicitar o pagamento dun anticipo do 60 % calculado sobre o importe global da subvención concedida.

De ser o caso, os anticipos non poderán superar a anualidade prevista en cada exercicio orzamentario e, polo tanto, no caso de tratarse dunha convocatoria plurianual, o pagamento poderá ser dividido en 2 anualidades para respectar este límite, para o cal se adoptarán as correspondentes medidas de xestión orzamentaria que permitan a percepción do importe total do anticipo ou suma de anticipos a que se teña dereito.

Entenderase por inicio da actividade formativa o comezo da execución da primeira acción formativa subvencionada.

2. Os anticipos deberán solicitarse a través do aplicativo informático SIFO.

3. A concesión do anticipo deberá axustarse ao gasto a realizar na anualidade orzamentaria á que se refira e a presentación da xustificación do importe do anticipo deberá realizarse non máis tarde do 31 de xaneiro da segunda anualidade.

Os pagamentos dos anticipos faranse efectivos, en atención ao disposto no artigo 12.2 da Orde TMS/368/2019, do 28 de marzo, no prazo máximo de 3 meses a contar dende a presentación pola empresa beneficiaria da documentación requirida para formular a solicitude de anticipo.

4. O resto do importe concedido farase efectivo, unha vez finalizada e xustificada a realización da totalidade das accións formativas do expediente.

Para o cálculo do importe a aboar terase en consideración a xustificación presentada.

5. Conforme o previsto no artigo 65.4, sobre réxime xeral de garantías, do Decreto 11/2009, do 8 de xaneiro, polo que se aproba o Regulamento da Lei 9/2007, do 13 de

xuño, de subvencións de Galicia, as institucións sen ánimo de lucro están exoneradas de constituír garantía para a percepción dos anticipos.

Asi mesmo, en aplicación do artigo 67.4 do Decreto 11/2009, do 8 de xaneiro, polo que se aproba o Regulamento da Lei 9/2007, do 13 xuño, de subvencións de Galicia, as entidades con ánimo de lucro quedan eximidas da obriga de constituír garantías para a realización e cobramento dos anticipos.

6. No caso de tratarse dunha convocatoria plurianual, poderán imputarse con cargo á segunda anualidade os gastos realizados durante os últimos 2 meses da primeira anualidade.

#### **Artigo 40. Xustificación da subvención**

1. As beneficiarias quedarán obrigadas a xustificar a realización da actividade formativa subvencionada, o destino dos fondos recibidos e o cumprimento das condicións establecidas na resolución de concesión da subvención.

2. A xustificación da subvención de cada acción formativa deberá realizarse dentro do prazo de 2 meses a través da aplicación informática SIFO.

De ser o caso, este prazo poderá ser obxecto de ampliación en virtude do disposto no segundo parágrafo do artigo 38.1 desta orde e polo período que se determine na correspondente resolución.

3. O órgano competente para a tramitación da documentación xustificativa das subvencións e a súa comprobación técnico-económica será o Servizo de Xestión Administrativa da Formación para o Emprego.

4. Para os efectos desta comprobación a beneficiaria da subvención deberá presentar a seguinte documentación:

- I. Memoria de actuación xustificativa, asinada pola persoa responsable ou representante autorizado da beneficiaria, do cumprimento das condicións e obrigas establecidas na concesión da subvención, nas bases reguladoras e na

convocatoria, con indicación das actividades realizadas, os resultados obtidos e as competencias adquiridas polo alumnado ao remate da formación.

A memoria incluírá a certificación de execución e finalización de cada acción formativa, con indicación das persoas participantes, das persoas contratadas en cumprimento do compromiso adquirido e do tipo de contrato formalizado con cada unha delas.

De acordo co disposto no artigo 37 desta orde, informe de avaliación da calidade da acción formativa con identificación, de ser o caso, das áreas de mellora. O informe deberá incluír a documentación relativa ás actuacións realizadas, as debilidades detectadas e as accións levadas a cabo para a súa resolución.

II. Memoria económica xustificativa do custo da acción formativa con expresión da contía global da subvención xustificada, asinada pola persoa responsable ou representante autorizado da beneficiaria, que incluírá os seguintes apartados:

a) Cadro resumo de cada acción formativa que inclúa o número de horas lectivas efectivamente realizadas, o número de horas relativas ás faltas de asistencia debidamente xustificadas e o número de horas relativas ás faltas de asistencia sen xustificar.

Na información deberá identificarse ao alumnado segundo a categoría de participante, formado e aprobado, definida de acordo co seguinte criterio:

- Alumnado participante: persoas alumnas que inician a acción formativa. Inclúranse neste epígrafe aquelas persoas que se incorporen á acción formativa con posterioridade ao seu inicio e de conformidade co disposto no artigo 31 desta orde.
- Alumnado formado: persoas participantes que cumpriron co requisito de asistencia ao 75% da duración total da especialidade formativa

- Alumnado aprobado: persoas participantes que asistiron a un mínimo do 75% da duración da especialidade formativa e superaron o curso coa consideración de aptas.

Cada persoa alumna identificarase cun único perfil dos citados. Neste senso sobreenténdese que o alumnado aprobado cumpre cos requisitos descritos para o alumnado participante e formado; e que o alumnado formado é á súa vez participante.

De ser o caso, documentación acreditativa dos abandonos producidos. Para os supostos particulares de abandono por colocación ou de baixa por enfermidade ou accidente acreditado, e sempre que as persoas tivesen realizado un mínimo do 10% da acción formativa, deberá achegarse a documentación acreditativa de tales circunstancias.

- b) Cálculo da contía global da subvención xustificada que corresponda en aplicación dos módulos económicos establecidos e os criterios previstos nesta orde.

No caso de que fose concedida unha subvención complementaria para custos derivados da adaptación da acción formativa para a participación de persoas con discapacidade, deberá engadirse o cálculo correspondente ao financiamento adicional recoñecido, debendo achegarse xustificación de que se destinou dito importe adicional, segundo o caso, á contratación de persoal de apoio, á adaptación curricular, á compra de material didáctico, á adecuación das condicións físicas e/ou tecnolóxicas, e/ou á dotación de recursos materiais para adaptación da acción formativa á participación do alumnado con discapacidade.

De ser o caso, as entidades deberán solicitar expresamente, xunto coa presentación da xustificación de realización da actividade subvencionada, a aplicación da garantía de percepción do mínimo do 75% do importe inicialmente concedido á que fai referencia o artigo 41.10 desta orde. Esta

solicitud deberá acompañarse dunha certificación asinada co importe dos gastos reais efectuados pola entidade.

III. Outra documentación acreditativa e declaracións responsables:

- a) No caso de opoñerse á consulta por parte da Consellería de Emprego, Comercio e Emigración ou no suposto de non prestar o consentimento ao que se refire o artigo 10 desta Orde, deberán presentar certificado de estar ao día no cumprimento das obrigas tributarias e coa seguridade social, e que non teñen pendente de pagamento ningunha débeda, por ningún concepto, coa Administración pública da Comunidade Autónoma de Galicia, e de que están ao día no pagamento de obrigas por reintegro de acordo co disposto no artigo 9 do Decreto 11/2009, polo que se aproba o regulamento da Lei 9/2007, de subvencións de Galicia.

A obriga de achegar un certificado de cumprimento das obrigas sinaladas no parágrafo anterior poderá substituírse, para os casos que se recollen no artigo 11 do Decreto 11/2009, do 8 de xaneiro, polo que se aproba o Regulamento da Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia, por unha declaración responsable da entidade de estar ao día no cumprimento das obrigas tributarias ou fronte á Seguridade Social e de non ter pendente de pagamento ningunha outra débeda coa Administración pública da comunidade autónoma.

- b) Declaración responsable de que todos os gastos realizados con cargo á subvención atópanse debidamente contabilizados e foron efectivamente pagados con anterioridade á presentación da xustificación, incluíndo a totalidade dos salarios e/ou facturas do persoal vencellado á docencia, con indicación expresa de que os importes aboados cumpren coa normativa vixente así como, de ser o caso, cos convenios colectivos que sexan de aplicación.
- c) Caso de terse producido incidencias no sistema de control de asistencia debidamente acreditadas perante o equipo informático de soporte, partes

diarios de asistencia no modelo xerado pola aplicación SIFO asinados polo alumnado participante e o persoal formador ao inicio e ao final de cada sesión, así como da persoa responsable da beneficiaria, e de acordo cos criterios establecidos no artigo 24.9 desta orde. Nos ditos partes deberanse identificar de maneira veraz as persoas participantes e expresar as horas realizadas diariamente por cada unha delas, reflectindo expresamente o número de horas e minutos de ausencia.

- d) Relación nominal, con nóminas ou facturas xustificantes do pagamento, do cadro de persoal vinculado á docencia que participou na acción formativa, con indicación expresa de se se trata de persoal asalariado mediante contrato mercantil, persoa socia da beneficiaria, persoa autónoma ou persoal interno da entidade formadora contratado para a formación.

Incluíranse nesta relación as persoas formadoras, persoas titoras-formadoras internas e externas, así como o persoal que, non tendo o carácter de persoa formadora ou titora-formadora da acción formativa, realizou tarefas relacionadas directamente co seguimento do proceso de aprendizaxe, asesoramento e orientación ao alumnado.

- e) Inventario do material entregado ao alumnado que inclúa a sinatura de recepción individualizada.
- f) De ser o caso, se as empresas beneficiarias imparten a formación mediante a contratación con centros ou entidades de formación, cando o importe do gasto subvencionable supere as contías establecidas para os contratos menores no artigo 118 da Lei 9/2017, do 8 de novembro, de contratos do sector público, relación de ofertas solicitadas nos termos establecidos no artigo 21.6 desta orde.
- g) Indicación expresa de se se concertou, total ou parcialmente, a prestación ou adquisición de servizos ou subministracións necesarias para a impartición da acción formativa subvencionada cunha persoa ou entidade vinculada coa beneficiaria.

h) Declaración responsable de non exceder os límites na imputación de custos relativos á subcontratación da docencia a través dun servizo externo. A estes efectos será de aplicación o disposto na Lei de orzamentos xerais da Comunidade Autónoma de Galicia en virtude da previsión establecida no artigo 131.1 do Real decreto 1098/2001, do 12 de outubro, polo que se aproba o Regulamento xeral da Lei de contratos das administracións públicas.

IV. Xustificación do cumprimento do compromiso de contratación que se realizará mediante a presentación dos correspondentes contratos laborais rexistrados no Servizo Público de Emprego. As empresas beneficiarias deberán acreditar a situación de alta da persoa traballadora na Seguridade Social polo tempo estipulado no contrato, para o que deberán presentar a relación nominal de persoas traballadoras (RNT) no tempo durante as cales permanezan contratadas.

De ser o caso, de haber solicitado á oficina de emprego, mediante a presentación dunha oferta de emprego, persoas candidatas para efectuar a contratación comprometida, acreditación documental de que non existía o suficiente número de persoas alumnas aprobadas ou formadas ao remate da acción formativa para cumprir o compromiso de contratación asumido, ou que se produciron renuncias ao posto de traballo por parte do alumnado que cumpría cos requisitos para ser contratado.

No suposto de renuncias deberá achegarse, debidamente firmada, a oferta de traballo efectuada ás persoas alumnas que rexeitaron a proposta de contratación.

5. Se como resultado da comprobación técnico-económica da documentación a unidade administrativa competente comproba que o importe liquidable da acción formativa foi inferior á subvención concedida, aboarase unicamente o importe efectivamente xustificado.

6. Transcorrido o prazo establecido para a xustificación sen que esta se presentase, requirirase á beneficiaria para que a presente no prazo improrrogable de 10 días

hábiles. A falla de presentación da xustificación, transcorrido este novo prazo, dará lugar á perda do dereito ao cobro da subvención e/ou ao inicio do procedemento de reintegro, de ser o caso.

A Dirección Xeral de Formación e Cualificación para o Emprego, previa solicitude da entidade beneficiaria, poderá autorizar unha ampliación do prazo establecido para a presentación da xustificación, que non poderá exceder da metade deste e sempre que non se prexudiquen dereitos de terceiros.

Se a documentación presentada fose insuficiente para considerar correctamente xustificada a subvención concedida, poranse en coñecemento da persoa beneficiaria as insuficiencias observadas para que no prazo de 10 días sexan emendadas.

Os órganos competentes da Consellería de Emprego, Comercio e Emigración poderán acceder ás bases de datos das administracións públicas para comprobar a situación laboral das persoas traballadoras contratadas e verificar o cumprimento do compromiso de contratación asumido pola persoa beneficiaria.

7. Unha vez examinada e comprobada a documentación presentada ditarase a resolución de liquidación que será notificada ás entidades beneficiarias.

Así mesmo, para a determinación da liquidación teranse en conta, de ser o caso, os anticipos concedidos e as minoracións que correspondan consecuencia do incumprimento de compromisos asumidos.

Caso de que a liquidación practicada fose inferior á cantidade anticipada, tramitarase o correspondente expediente de reintegro.

8. As beneficiarias estarán obrigadas a conservar, durante un prazo de 4 anos, considerando, no seu caso, a interrupción do prazo de prescrición do dereito da Administración a recoñecer ou liquidar o reintegro da subvención concedida, a contar dende a liquidación final da subvención, os xustificantes da realización da actividade que fundamenta a súa concesión e a aplicación dos fondos recibidos, para os efectos das actuacións de comprobación e control así como de calquera outra obriga legal que así o exixa.

O dito prazo computarase a partir do momento no que remate o período establecido para presentar a citada xustificación por parte da beneficiaria.

As entidades que, sen ter transcorrido o citado período, decidan suspender a súa actividade ou disolverse, deberán remitir copia da citada documentación ao órgano competente, sen prexuízo da obriga de presentar a documentación xustificativa da subvención.

As probas e cuestionarios realizados polo alumnado durante o desenvolvemento da acción formativa terán a consideración de documentación que hai que custodiar.

Inclúese neste apartado a obriga de manter a adecuada pista de auditoría á que se refire o artigo 24.16 desta orde.

9. A aplicación da xustificación a través dos módulos económicos non exime ás entidades beneficiarias do deber de cumprir a lexislación vixente en materia financeira, fiscal, contable e laboral, especialmente no referente á contabilidade dos gastos, aboamento de salarios ao persoal, ingresos das cotizacións á seguridade social, facturación e subcontratación.

#### **Artigo 41. Liquidación da subvención**

1. A liquidación das axudas realizarase en función das persoas participantes nas accións formativas, atendendo ás horas lectivas realizadas e de acordo cos módulos económicos establecidos.

En ningún caso a liquidación resultante poderá superar a contía da subvención inicialmente concedida.

Para determinar o número de horas computables, unicamente teranse en conta as efectivamente realizadas polo alumnado e que consten debidamente acreditadas a través dos diferentes medios de control de asistencia admitidos establecidos nesta orde. No caso de existir discrepancia entre as acreditacións achegadas, utilizarase para a determinación do custo o número de horas que resulte inferior.

Á suma das horas computables indicadas no parágrafo anterior, sumaranse as faltas de asistencia xustificadas até un máximo do 25% do total de horas da acción formativa.

A xustificación das ausencias deberá facerse mediante documentos ou calquera outro medio que acredite de modo fidedigno o motivo da non asistencia. Para estes efectos consideraranse xustificadas as ausencias relacionadas no artigo 25 desta orde.

Para os efectos do cómputo do referido 25% do total de horas da acción formativa teranse en conta para o cálculo da subvención as faltas de asistencia sen xustificar que se produzan dentro dos límites establecidos no artigo 25 desta orde.

2. Considerarase que unha persoa rematou a formación cando asistira, cando menos, ao 75% das horas de impartición da acción formativa.

Para acadar dita porcentaxe non se terán en conta as horas relativas aos módulos transversais, se ben serán computables para o cálculo do custo subvencionable.

Considerarase que remataron a acción formativa as persoas alumnas que tivesen que abandonala por haber atopado emprego. Así mesmo terán esta consideración aquelas persoas participantes que causaran baixa por enfermidade ou accidente acreditado, sempre que en calquera dos supostos relacionados tivesen realizado un mínimo do 10% da acción formativa.

A efectos do cálculo da liquidación sempre que un alumno ou alumna teña dereito a diploma, será subvencionable.

3. Os módulos transversais poderán impartirse na modalidade de teleformación. Neste caso a contía do módulo económico a aplicar determinarase na correspondente convocatoria.

4. No caso de accións formativas que teñan un mínimo dunha persoa alumna con certificación de discapacidade e logo de solicitude expresa da entidade beneficiaria, poderase incrementar o importe da subvención inicialmente aprobado, sempre que se xustifique axeitadamente e que se destine exclusivamente á contratación do apoio necesario para a axeitada participación na acción formativa das persoas con discapacidade.

A solicitude e a memoria explicativa das necesidades a cubrir deberán presentarse unha vez realizada a selección do alumnado e no prazo máximo de 15 días naturais dende a incorporación á acción formativa da persoa con discapacidade.

Para o financiamento deste custo adicional ditarase unha resolución complementaria co importe total dos gastos autorizados polos conceptos de persoal de apoio e adaptación curricular ou do material didáctico. O importe adicional calcularase en función do custo unitario por cada hora lectiva da acción formativa na que deba participar a persoa ou persoas con discapacidade, independentemente do número de persoas alumnas con discapacidade.

Para os custos adicionais de adaptación da acción formativa á participación do alumnado con discapacidade, cada convocatoria establecerá o custo unitario por hora lectiva.

5. Serán subvencionables aqueles gastos destinados a promover a adecuación das condicións físicas e/ou tecnolóxicas, e a dotación de recursos materiais e medios didácticos apropiados ás persoas con discapacidade. Non serán subvencionables aqueles gastos en recursos e equipamento a que está obrigada a entidade en base ao disposto na normativa vixente.

A solicitude e a memoria xustificativa das necesidades a cubrir deberá presentarse unha vez realizada a selección do alumnado e en calquera momento dende a incorporación á acción formativa da persoa para a que se solicita a adaptación dos medios físicos e/ou tecnolóxicos. A memoria deberá xustificar, para cada persoa alumna, as causas que motivan a petición, a relación pormenorizada dos recursos necesarios e a inexistencia dos medios solicitados no centro de formación.

A adquisición, cesión ou alugueiro dos recursos efectuarase de acordo coas condicións normais do mercado, e a súa xustificación realizarase mediante a achega, xunto coa solicitude e con carácter previo á dispoñibilidade dos medios, de 3 ofertas diferentes.

Para o financiamento deste custo adicional ditarase unha resolución complementaria con indicación da data de efectos e co importe total do gasto autorizado, que estará suxeito á contía máxima que por persoa alumna se determine en cada convocatoria.

6. De se produciren abandonos que dean lugar a baixas non computables nin xustificadas, con posterioridade á impartición do 25% das horas de formación, poderase admitir unha desviación do 15% con respecto ao número de participantes que tivesen comezado as accións formativas, excluídos aqueles que incumprisen os requisitos e condicións da convocatoria, nos termos sinalados polo artigo 10.3 da orde TMS/368/2019, do 28 de marzo, de maneira que eses abandonos se teñan en conta para o cálculo do custo subvencionable co límite desa desviación e co mesmo criterio que se se tratase dun abandono por colocación.

O antedito 15 % calcularase computando o total de horas efectivamente asistidas á especialidade formativa e, no caso dunha acción formativa do Sistema de Formación Profesional, do módulo profesional ou bloque formativo que corresponda.

7. Para os efectos do cálculo da liquidación non se terán en conta aquelas persoas participantes que tivesen que abandonar a formación por incumprimento das condicións da convocatoria ou por non cumprir os requisitos exixidos para poder participar na acción formativa.

8. O cálculo da liquidación realizarase multiplicando o módulo económico da especialidade, área ou familia profesional, segundo se determine na convocatoria, polo número de persoas alumnas que remataron a formación e polas horas de formación computables de cada persoa alumna.

9. Consonte o previsto no artigo 17 da Lei de subvencións de Galicia, o importe das subvencións en ningún caso poderá ser de tal contía que, illadamente ou en concorrencia con outras subvencións, axudas, ingresos ou recursos, supere o custo da actividade subvencionada.

Segundo o previsto no artigo 29 da devandita Lei e no artigo 42 do seu Regulamento, na xestión da subvención deberase ter en conta que se consideran gastos subvencionables os realizados no prazo establecido polas convocatorias e considerárase gasto realizado o que foi efectivamente pagado con anterioridade á finalización do período de xustificación.

As subvencións previstas nesta orde son incompatibles coa percepción doutras subvencións, axudas, ingresos ou recursos para a mesma acción formativa procedentes de calquera persoa, Administración ou entes públicos ou privados, estatais, da Unión Europea ou de organismos internacionais.

10. Sen prexuízo do disposto no artigo 42 desta orde, sobre incumprimento de obrigas e reintegro, no momento da liquidación garantírase, previa solicitude da beneficiaria, a percepción dun mínimo do 75% do importe inicialmente concedido por cada acción formativa impartida, se esta remata cun número de persoas alumnas equivalente, cando menos, ao 50% do alumnado subvencionado, e se cumpre o compromiso de contratación asumido.

A aplicación desta garantía está condicionada ao disposto no apartado 9 deste artigo.

#### **Artigo 42. Incumprimento de obrigas e reintegro**

1. O incumprimento das obrigas establecidas na presente orde e demais normas aplicables, así como das condicións que se establecesen na correspondente resolución de concesión dará lugar á perda total ou parcial do dereito ao cobramento da subvención ou, logo do oportuno procedemento de reintegro, á obriga de devolver total ou parcialmente a subvención percibida e os xuros de demora correspondentes.

2. O importe da perda do dereito ao cobramento da subvención ou do reintegro determinarase de acordo cos seguintes criterios de gradación dos posibles incumprimentos:

I. Supostos de incumprimento total:

Procederá a perda e/ou reintegro do 100% da subvención concedida máis, de ser o caso, os correspondentes xuros de demora, nos seguintes supostos:

- a) Pola obtención da subvención falseando as condicións requiridas ou ocultando aquelas que a houbesen impedido.
- b) Polo feito de non realizar a actividade obxecto de subvención ou polo incumprimento total dos fins que a fundamentan.

- c) Polo incumprimento total do compromiso de contratación asumido.
  - d) Polo incumprimento da obriga de xustificación da subvención ou pola xustificación insuficiente da mesma, de feito que non permita acreditar que se impartiu a formación.
  - e) Pola concorrencia doutras axudas ou subvencións para a mesma finalidade procedentes de calquera administración ou entes públicos ou privados, estatais, da Unión Europea ou de organismos internacionais, e sen prexuízo da incoación dun expediente sancionador e demais responsabilidades en que poida incorrer a beneficiaria.
  - f) Cando a realización da actividade subvencionada non acada o 25% dos seus obxectivos, medidos co indicador do número de horas de formación multiplicado polo número de alumnas e alumnos finalizados.
- Para estes efectos incluíranse tamén as horas de ausencia que resulten computables por falta xustificada ou por colocación.
- g) Pola ausencia dunha pista de auditoría.

## II. Supostos de incumprimento parcial:

- a) O incumprimento da obriga de comunicar ao órgano que concede a subvención a solicitude doutras axudas ou subvencións para a mesma finalidade dará lugar á perda ou reintegro do 2% da subvención xustificada aceptada do expediente.
- b) O mantemento dunha pista de auditoría insuficiente dará lugar á perda ou reintegro do 2% da subvención xustificada aceptada do expediente.
- c) O incumprimento das obrigas en materia de publicidade, información e comunicación establecidas nesta orde dará lugar á perda ou reintegro do 2% sobre a subvención xustificada aceptada para a acción ou accións formativas nas que se incumpriu a obriga.

d) O incumprimento da obriga de mantemento dun sistema de conta separada ou dunha codificación contable adecuada establecida, dará lugar á perda ou reintegro do 2% da subvención xustificada aceptada do expediente.

e) No caso de impartir formación a alumnos ou alumnas que non cumpren os requisitos necesarios para o acceso á formación, coas excepcións establecidas nesta orde, minorarase a subvención na parte correspondente ás persoas que incumpren.

f) O incumprimento da obriga de aboar mensualmente e mediante transferencia bancaria o importe das retribucións das persoas docentes ou formadoras dará lugar, o primeiro mes, á perda ou reintegro do 5% da subvención xustificada aceptada correspondente a esa mensualidade e acción formativa afectada.

De repetirse esta situación noutras mensuralidades, esta porcentaxe incrementarase nun 2% por cada mes.

g) No suposto de incumprimento das obrigas establecidas nos artigos 21 e 23 desta orde aplicarase, naqueles supostos de incumprimento non regulados expresamente nos anteriores apartados, unha minoración gradual en virtude do grao de incumprimento que non poderá superar o 5% sobre a subvención xustificada e aceptada da acción formativa na que se incumpre.

Para os efectos de determinar o grao de incumprimento teranse en consideración as accións formativas nas que se produciron os incumprimentos, se dá lugar a que se produza falta de información ao alumnado en relación co tratamento dos seus datos persoais e dos seus dereitos e obrigas e, de ser o caso, o tempo de demora para a resolución da incidencia.

h) O incumprimento parcial do compromiso de contratación asumido pola entidade beneficiaria para a concesión da subvención dará lugar a unha minorización, por cada persoa que non se contratou ou que se contratou con posterioridade ao prazo de 6 meses contados dende a data de remate da acción formativa, do 10% do total da subvención xustificada e aceptada para a acción ou accións formativas nas que se incumpriu o compromiso.

O cálculo da porcentaxe a minorar determinarase aplicando a seguinte fórmula:

Porcentaxe a aplicar = (Número de persoas que a beneficiaria se comprometeu a contratar - Número de persoas contratadas) \* 10

O incumprimento da obriga establecida no artigo 5, de realizar a contratación comprometida nunha ocupación e categoría relacionada coa especialidade formativa impartida no período máximo de 2 meses dende o remate da acción formativa ou, de ser o caso, na ampliación de prazo autorizada en virtude do disposto no artigo 38, dará lugar a unha minoración do 5% da subvención xustificada aceptada da acción formativa afectada por cada un dos contratos comprometidos nos que se incumpra dito prazo.

i) O incumprimento dos criterios recollidos no artigo 5 sobre priorización na contratación do alumnado participante aprobado ou formado nunha acción formativa, dará lugar a unha minoración do 2% da subvención xustificada aceptada da acción formativa afectada por cada persoa participante na que estes se incumpran.

### **Artigo 43. Infraccións e sancións**

1. O réxime de infraccións e sancións aplicables no ámbito da formación profesional para o emprego será o regulado polo texto refundido da Lei sobre infraccións e sancións na orde social, aprobado polo Real decreto lexislativo 5/2000, do 4 de agosto.

No non previsto no réxime de infraccións e sancións establecido no parágrafo anterior, observarase o contido na Lei 9/2007, de 13 de xuño, de subvencións de Galicia, e a normativa que a desenvolve.

2. As infraccións poderán ser cualificadas como leves, graves ou moi graves e levarán aparelladas as sancións que en cada caso corresponda de acordo coa normativa vixente.

3. As sancións impostas polas infraccións graves e moi graves en materia de formación profesional para o emprego que dean lugar a que a subvención sexa declarada indebida

polo órgano concedente, unha vez firmes, incluíranse na Base de Datos Nacional de Subvencións (BDNS).

4. A obriga de reintegro establecida no artigo 42 desta orde entenderase sen prexuízo do previsto na Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia, se concorresen as accións e omisións tipificadas na antedita lei.

#### **Artigo 44. Devolución voluntaria das subvencións**

1. A acreditación de ter ingresado o importe correspondente á diferenza entre a cantidade xustificada e a recibida en concepto de anticipo, de ser o caso, terá a consideración de devolución voluntaria, de acordo co establecido no artigo 90 do regulamento da Lei xeral de subvencións.

2. De acordo co establecido no artigo 64 do Regulamento da Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia, aprobado polo Decreto 11/2009, do 8 de xaneiro, as persoas ou entidades beneficiarias poderán realizar, sen o requirimento previo da Administración, a devolución total ou parcial da subvención concedida, mediante o seu ingreso na conta IBAN ES82 2080 0300 8731 1006 3172 en concepto de devolución voluntaria da subvención.

O importe da devolución incluírá os xuros de demora, de acordo co previsto no artigo 34 da Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia, até o momento en que se produciu a devolución efectiva por parte da beneficiaria.

O ingreso realizarase segundo o disposto na normativa reguladora do procedemento de recadación.

3. En todo caso, a persoa ou entidade beneficiaria deberá presentar ante o órgano concedente copia xustificativa da devolución voluntaria realizada, en que conste a data do ingreso, o seu importe e o número do expediente e denominación da subvención concedida.

### **Capítulo VII**

#### **Primeira convocatoria para os exercicios 2026-2027**

## Artigo 45. Financiamento

1. Destínase a esta primeira convocatoria, correspondente á anualidade 2026-2027, un crédito por importe total de oito millóns cincocentos mil euros (8.500.000 €), que se imputarán con cargo ás aplicacións orzamentarias que a seguir se relacionan, ou aquelas que a substitúan de conformidade coa normativa orzamentaria aplicable, con código de proxecto 2013 00545. Estas aplicacións están financiadas con fondos finalistas transferidos polo Servizo Público de Emprego Estatal.

| Aplicación orzamentaria | Entidades que financia       | Anualidade 2026 | Anualidade 2027 | Importe total |
|-------------------------|------------------------------|-----------------|-----------------|---------------|
| 14.03.323A.471.0        | Empresas                     | 6.000.000 €     | 400.000 €       | 6.400.000 €   |
| 14.03.323A.481.0        | Entidades sen ánimo de lucro | 2.000.000 €     | 100.000 €       | 2.100.000 €   |
| <b>Total</b>            |                              | 8.000.000 €     | 500.000 €       | 8.500.000 €   |

Este crédito orzamentario está recollido no proxecto de Lei de orzamentos xerais da Comunidade Autónoma de Galicia para o ano 2026, aprobado polo Consello da Xunta de Galicia na súa reunión do día 17 de outubro de 2025.

A convocatoria, dado o seu carácter de tramitación anticipada, queda sometida á condición suspensiva da existencia de crédito adecuado e suficiente no momento da resolución de concesión.

2. Esta orde tramítase de conformidade co artigo 25 do Regulamento da Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia, aprobado polo Decreto 11/2009, do 8 de xaneiro, e coa Orde da Consellería de Economía e Facenda do 11 de febreiro de 1998, pola que se regula a tramitación anticipada de expedientes de gasto, modificada polas Ordes da Consellería de Economía e Facenda do 27 de novembro de 2000 e do 25 de outubro de 2001, polo que a concesión das subvencións queda condicionada á existencia de crédito adecuado e suficiente no momento da resolución de concesión.

3. Establécense dúas liñas de Unidades Formativas en Empresas:

Liña 1: Accións formativas do Catálogo de Especialidades Formativas

Liña 2: Accións formativas do Sistema de Formación Profesional

4. Os créditos orzamentarios a que se refire este artigo poderán ser obxecto de modificacións como consecuencia da asignación ou da redistribución de fondos para o financiamento dos programas de formación para o emprego.

Poderá ampliarse a contía máxima dos créditos dispoñibles para esta convocatoria. O incremento de crédito estará condicionado á declaración de dispoñibilidade do crédito como consecuencia dunha xeración, ampliación, incorporación de crédito ou da existencia de remanentes doutras convocatorias financiadas con cargo ao mesmo crédito ou créditos incluídos no mesmo programa ou en programas do mesmo servizo.

Calquera modificación ou ampliación dos créditos dispoñibles estará condicionada ao cumprimento dos supostos e as condicións previstas no artigo 31 da Lei 9/2007 de subvencións de Galicia e nos artigos 30 e 31 do Decreto 11/2009, do 8 de xaneiro, polo que se aproba o Regulamento de subvencións de Galicia.

5. A concesión das solicitudes de subvención presentadas estará condicionada á existencia de crédito suficiente na anualidade que corresponda.

6. Poderán ser obxecto de financiamento as especialidades formativas que se determinen no anexo III desta convocatoria, e coa contía que nel se estableza, así como os módulos formativos transversais que se impartan asociados a estas.

No apartado 1 do citado anexo establécense as contías por área profesional, polo que serán subvencionables todas as especialidades formativas do Catálogo de Especialidades do SEPE desas áreas. No apartado 2 do Anexo III indícanse os Graos C subvencionables. A inclusión dun Grao C nese anexo implica a subvencionabilidade dos Graos A e B contidos neste.

De ser o caso, para os módulos formativos transversais que se impartan na modalidade de teleformación será de aplicación o 70% do importe do módulo económico presencial €/hora por persoa alumna, cunha contía máxima de 7,5 €.

7. Para os custos adicionais de adaptación da acción formativa á participación do alumnado con discapacidade establécese un custo unitario de 16 € por hora lectiva.

Para os gastos destinados a promover a adecuación das condicións físicas e/ou tecnolóxicas, e a dotación de recursos materiais e medios didácticos apropiados ás persoas con discapacidade, establécese unha contía máxima por persoa alumna de 500€.

8. A formación en empresa financiarase con 3 € por alumna ou alumno e hora de prácticas efectivamente titorizadas, que se destinarán ao financiamento dos custos da actividade da titorización e ao relativo á subscrición dunha póliza colectiva de accidentes de traballo e de responsabilidade civil.

Excluíranse deste cómputo as horas correspondentes á formación en empresa non realizada polas persoas participantes exentas.

#### **Artigo 46. Límites e criterios particulares de aplicación na primeira convocatoria**

1. As persoas interesadas poderán presentar unha única solicitude por liña que incluírá todas aquelas accións formativas para as que solicitan subvención de cada unha das liñas.

Unha vez iniciadas un mínimo do 50% das accións formativas concedidas, a beneficiaria poderá presentar unha nova solicitude de subvención de acordo co criterio establecido no anterior parágrafo.

2. Unha mesma empresa ou entidade de formación non poderá ser beneficiaria dunha subvención que supere, para cada expediente presentado, o 25% do crédito orzamentario da convocatoria.

3. Cada acción formativa incluírá, formalizado en base ao disposto no artigo 5 desta orde, un compromiso de contratación do 60% do alumnado aprobado e/ou formado, en contratos cunha duración mínima de 6 meses, ou do 40% se a contratación é por un período igual ou superior aos 12 meses, arredondado, en ambos casos, ao enteiro superior se a primeira cifra decimal é igual ou superior a 5.

Non se poderán combinar ambos tipos de contratos nunha mesma acción formativa.

4. O número máximo de participantes por acción formativa, nos casos en que as instalacións cumpran os requisitos que posibiliten esta capacidade e a especialidade formativa o permita, será de 15 persoas.

5. Cada acción formativa do Catálogo de Especialidades Formativas do SEPE a subvencionar poderá ter unha duración máxima de 300 horas. Excepcionalmente, previa petición xustificada da beneficiaria, poderá autorizarse un número superior de horas formativas, sen que este incremento de horas supoña un aumento da subvención.

No caso de accións formativas do Sistema de Formación Profesional, Graos A, B e C, serán subvencionables a totalidade das horas do certificado profesional e os módulos transversais que se impartan.

6. A solicitude de subvención non poderá incluír ningunha acción formativa que teña previsto o seu inicio con anterioridade ao prazo de 1 mes establecido para ditar a resolución de concesión.

#### **Artigo 47. Solicitudes e prazos de presentación da primeira convocatoria**

1. A presentación das solicitudes deberá axustarse ao disposto no capítulo II da presente orde.

2. O prazo de presentación de solicitudes estará aberto desde o día da entrada en vigor da orde ás 9:00 horas, de conformidade co establecido na Disposición final segunda, ata o día 1 de decembro de 2026 ás 20:00 horas ou, de ser o caso, ata que se esgote o crédito orzamentario dispoñible.

#### **Artigo 48. Prazos de execución das accións formativas da primeira convocatoria.**

As accións formativas correspondentes á presente convocatoria non poderán comezar ata transcorrido un mínimo de 5 días hábiles dende a aceptación da resolución de concesión.

A data límite para o remate das accións formativas será o 31 de marzo de 2027.

#### **Artigo 49. Prazos de xustificación das accións formativas da primeira convocatoria**

1. A xustificación da realización e subvención das accións formativas deberá efectuarse a través da aplicación informática SIFO, nos prazos establecidos no artigo 40 e coa data límite de presentación do 30 de abril de 2027.

2. Se a documentación presentada fose insuficiente para considerar correctamente xustificada a subvención concedida, a Dirección Xeral de Formación e Cualificación para o Emprego porá en coñecemento da beneficiaria afectada as insuficiencias detectadas para a súa emenda no prazo de 10 días hábiles.

### **Artigo 50. Anexos**

Son anexos desta orde os seguintes:

- Anexo I: modelo de solicitude.
- Anexo II: ficha da acción formativa.
- Anexo III: importe dos módulos económicos por área profesional ou especialidade, hora e persoa alumna.
- Anexo IV: pluralidade de empresas solicitantes.

### **Disposición adicional primeira. Resolucións adicionais**

Poderán ditarse resolucións adicionais cando existan fondos provenientes de renuncias de subvencións inicialmente concedidas, da asignación ou redistribución de fondos ou de incrementos das cantidades asignadas á comunidade autónoma pola Administración do Estado.

### **Disposición adicional segunda. Modificación da resolución en caso de alteración das condicións**

Toda alteración das condicións tidas en conta para a concesión da subvención, e, en todo caso, a obtención concorrente de subvencións ou axudas outorgadas por outras administracións ou entes públicos ou privados, estatais, da Unión Europea, ou internacionais, poderá dar lugar á modificación ou revogación da resolución de concesión e o reintegro da subvención percibida.

### **Disposición adicional terceira. Delegación de atribucións**

Apróbase a delegación de atribucións da persoa titular da Consellería de Emprego, Comercio e Emigración na persoa titular da Dirección Xeral de Formación e Cualificación para o Emprego, para tramitar e resolver os expedientes de redistribución dos créditos necesarios para o financiamento desta orde, para resolver a concesión, denegación, modificación e reintegro das subvencións, así como para a autorización, disposición, recoñecemento da obriga e proposta de pagamento ou outras incidencias das subvencións reguladas nesta orde.

### **Disposición adicional cuarta. Normativa de aplicación supletoria**

En todo o non disposto nesta orde será de aplicación o establecido na Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia; no Decreto 11/2009, do 8 de xaneiro, polo que se aproba o Regulamento da Lei 9/2007; na Lei 38/2003, do 17 de novembro, xeral de subvencións, no que sexa de aplicación, e no Real decreto 887/2006, do 21 de xullo, que a desenvolve.

Será igualmente de aplicación o establecido na Lei 3/2023, do 28 de febreiro, de Emprego, na Lei 30/2015, do 9 de setembro, pola que se regula o Sistema de formación profesional para o emprego no ámbito laboral, e no Real decreto 694/2017, do 3 de xullo, que a desenvolve. Ademais, resultarán de aplicación a orde TMS/368/2019, do 28 de marzo, pola que se desenvolve o Real decreto 694/2017, do 3 de xullo, polo que se desenvolve a Lei 30/2015, do 9 de setembro, pola que se regula o Sistema de formación profesional para o emprego no ámbito laboral, en relación coa oferta formativa das administracións competentes e o seu financiamento, e se establecen as bases reguladoras para a concesión de subvencións públicas destinadas ao seu financiamento así como o resto da normativa regulamentaria que desenvolve as ditas normas.

### **Disposición adicional quinta. Información sobre a xestión de subvencións**

1. En cumprimento do disposto no artigo 20 da Lei 38/2003, do 17 de novembro, xeral de subvencións, o texto de cada convocatoria pública efectuada no marco destas bases e a información requirida no ordinal oitavo do devandito artigo será comunicado á Base

de Datos Nacional de Subvencións (BDNS), nos termos do Real decreto 130/2019, do 8 de marzo, polo que se regula a Base de Datos Nacional de Subvencións e a publicidade das subvencións e demais axudas públicas.

A BDNS dará traslado ao Diario Oficial de Galicia do extracto da correspondente convocatoria para a súa publicación.

2. De acordo co establecido no artigo 14 letra ñ) da Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia, as entidades beneficiarias quedan informadas da existencia do Rexistro Público de Subvencións e dos aspectos previstos na Lei orgánica 3/2018, do 5 de decembro, de protección de datos persoais e garantía dos dereitos dixitais.

**Disposición final primeira. Autorización para ditar resolucións e instrucións**

Autorízase á persoa titular da Dirección Xeral de Formación e Cualificación para o Emprego para ditar, no ámbito das súas competencias, as resolucións e instrucións necesarias para a interpretación, desenvolvemento e execución desta disposición.

**Disposición final segunda. Entrada en vigor**

Esta orde entrará en vigor aos 5 días hábiles da súa publicación no Diario Oficial de Galicia.

Santiago de Compostela, 11 de decembro de 2025

José González Vázquez

Conselleiro de Emprego, Comercio Emigración

INSÍRASE

O Secretario Xeral Técnico

Joaquín Macho Canales